

**Número 1 - Ano 2023**

**ACTA**

**da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**26 de xaneiro de 2023**

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e tres minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen-se por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Auséntase da sesión ao finalizar o estudo, debate e votación do asunto 6/6, da orde do día DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, e son as dez horas e cincuenta e cinco minutos.

## **ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 23 de xaneiro de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

1/1 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2022.

### **A) PARTE RESOLUTIVA**

#### **ACTAS E GOBERNO**

2/2 MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA MEDIO PROPIO (M.P.) (Exp. 2023/G004/000029).

#### **MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN**

3/3 APROBACIÓN DEFINITIVA DAS TARIFAS DE TAXIS NO CONCELLO DE LUGO.

#### **PROPOSICIÓNS**

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 15/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR DE CONTINUIDADE URBANA Á RÚA 8 DE MARZO (Exp. 2023/G004/000030).

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 16/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DINAMIZAR A ACTIVIDADE DE LOCAIS COMERCIAIS NA CIDADE (Exp. 2023/G004/000031).

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 17/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE APROBE DE XEITO URXENTE A TRAMITACIÓN DO PXOM QUE XA CONTA CO INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2023/G004/000032).

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 18/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REALICE UNHA REVISIÓN DAS ZONAS DE SOMBRA DO MUNICIPIO E SE REALICEN AS XESTIÓNS

OPORTUNAS PARA QUE SE SOLUCIONE ESTE PROBLEMA (Exp. 2023/G004/000033).

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 19/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO NON SUBA O PREZO DOS APARCADOIROS DE TITULARIDADE PÚBLICA (Exp. 2023/G004/000034).

9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 20/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO BUSQUE ALTERNATIVAS ÁS PRAZAS DE APARCADOIRO SUPRIMIDAS POLAS DIFERENTES MEDIDAS TOMADAS POLO GOBERNO MUNICIPAL (Exp. 2023/G004/000035).

## **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

### **ACTAS E GOBERNO**

10/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Exp. 2023/G004/000008).

11/11 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2023/G004/000020).

### **TESOURERÍA**

12/12 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2022.

### **INTERVENCIÓN**

13/13. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2023 E DA SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

## **D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

- CONDOLENCIAS POLO FALECIMENTO DO EXCONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON ARCADIO SILVOSA ALONSO.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

### 1/1 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2022.

Vista a proposta do Secretario Xeral do Pleno, do 19 de xaneiro de 2023, que seguidamente se transcribe:

“O pasado día 24 de novembro de 2022, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao referido mes da que se levantou a acta oportuna que, unha vez transcritas as intervencións nela producidas e ultimada a súa redacción, foi asinada polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 24 de novembro de 2022.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 25

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - <b>Votos en contra:</b> | 0  |  |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 24 de novembro de 2022.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

## ACTAS E GOBERNO

### 2/2 MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA MEDIO PROPIO (M.P.) (Exp. 2023/G004/000029).

Examinado o expediente tramitado para os efectos, e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 17 de xaneiro de 2023, do seguinte teor literal:

“Visto o oficio do Sr. Director Xerente da Fundación Rof Codina, don Antonio Javier Ferreira Fernández de data 9.01.2023, no que se pon de manifesto que na 56 reunión ordinaria do Padroado da Fundación Rof Codina, celebrada o día 29 de decembro de 2022, no 2º punto da orde do día “Modificación dos estatutos da Fundación”, foi aprobada a modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina, e solicita á súa aprobación polo órgano competente do Concello. Acompaña ao oficio a seguinte documentación: novos Estatutos da Fundación Rof Codina, documento estatutos con modificacións sinaladas, acta da 56 reunión do padroado da Fundación Rof Codina e Memoria xustificativa da necesidade e oportunidade da modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina.

Vista a “Memoria xustificativa da necesidade e oportunidade da modificación dos estatutos”, redactada polo Director Xerente da Fundación Rof Codina en data 20.12.2022, do seguinte tenor literal:

#### **“PARTES IMPLICADAS**

*A modificación ten que ser aprobada por cada un dos Patróns da Fundación Pública Galega Rof Codina (FRC) nos seus órganos de goberno e posteriormente ten que ser aprobada en reunión do Padroado da Fundación. Os patróns da FRC son:*

- Xunta de Galicia.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Deputación Provincial de Lugo.
- Concello de Lugo

#### **ANTECEDENTES**

*Os estatutos da Fundación foron aprobados en maio de 1994 e serviron para por en funcionamento e para rexer a xestión da Fundación durante 25 anos, no entanto, o paso do tempo fixo necesaria a súa modificación en outubro de 2019 para adaptalos a normativa vixente. Estes estatutos do 2019 son os que están en vigor actualmente.*

#### **OBXECTO DA MODIFICACIÓN**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*Foron modificados dez artigos dos Estatutos e suprimidos dous artigos. As modificacións débense principalmente a que no exercicio 2023 a USC pasará a ser o padrón maioritario da Fundación debido á maior achega económica pola súa parte.*

*Os novos estatutos non mudan os obxectivos e o funcionamento do día a día da fundación, centrándose as mudanzas na composición e organización dos Órganos de Goberno e outros cambios menores derivados do dito cambio e da mellora na redacción de artigos.*

### **ANÁLISE DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE**

*Desde a creación da Fundación no ano 1994, o patrón maioritario até a actualidade o patrón maioritario da FRC foi a Xunta de Galicia. Este feito vese reflectido nos estatutos en vigor da Fundación, que foron redactados baixo a premisa de que a Xunta de Galicia era, e continuaría a ser, o patrón maioritario da Fundación.*

*Nos últimos exercicios o feito de que a Xunta de Galicia fora o patrón maioritario configurou á FRC como unha fundación do sector público autonómico, o que conlevou a aplicación na súa xestión, do réxime establecido na Lei 16/2010 de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Esta circunstancia presenta algunhas disfuncións pola natureza das actividades que desenvolve a Fundación, ligadas á formación práctica do alumnado da Facultade de Veterinaria e, polo tanto, máis próxima á realidade universitaria.*

*Como solución a estes problemas o Padroado da Fundación decidiu que a partir do exercicio 2023 a USC pase a ser o patrón maioritario da FRC, aumentando a achega económica o que determina o cambio de adscrición en virtude do artigo 129.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público.*

*A maior parte da modificación dos estatutos deriva desta circunstancia e, en concreto, muda a presidencia, que pasará a ser ostentada polo/a reitor/a da USC, muda o número de membros do Padroado da USC e da Xunta de Galicia para reflectir o cambio na achega económica, a Fundación pasa a ser medio propio das administracións que son membros fundadores e, así mesmo, introdúcense pequenas modificacións no réxime normativo.*

*Ademais, aproveitando estas modificacións obrigadas polo cambio de adscrición, van ser realizadas modificacións menores no articulado:*

- 1) Modifícase a redacción do artigo relativo á dirección do Centro de Biomedicina Veterinaria (CEBIOVET) para que garantir que persoa que ostente esa dirección teña recoñecida competencia no eido da investigación animal, como corresponde ás funcións desta estrutura dentro da Fundación.*
- 2) Suprímense os artigos referentes ao tesoureiro/a e a Comisión de Auditoría en consonancia cos cambios operados polo cambio de adscrición e, polo tanto, de lexislación aplicable.*

### **IMPACTO ECONÓMICO**

*A presente modificación non vai implicar a realización de ningún gasto por parte da Fundación Rof Codina, por tanto, non vai implicar ningún incremento de gasto*

*público, nin modificación algunha no financiamento, importe e destino do gasto aprobado, continuando, por tanto, vixentes os orzamentos para o ano 2023 que foron aprobados na 54 reunión ordinaria do Padroado de 29 de setembro de 2022.”*

Visto o informe xurídico da asesoría xurídica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, de data 22.12.2022, que informa favorablemente a proposta do novo texto dos estatutos da Fundación Rof Codina M.P.:

*“A Fundación Rof Codina M. P. configúrase como unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen no artigo 6 dos estatutos. A competencia para a modificación dos seus estatutos corresponde ao seu Padroado.*

*As modificacións propostas son conformes ao establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento. Así mesmo adecúanse ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*

*Os cambios propostos nos estatutos atenden substancialmente á modificación da participación dos patróns -acadando a USC a condición de patrón maioritario-, e a configuración da fundación como medio propio das entidades que integran o padroado. A Fundación perde a consideración de fundación do sector público autonómico.*

*Por todo elo informase favorablemente a citada proposta de novo texto articulado dos estatutos da Fundación Rof Codina M. P.”*

Visto o informe xurídico favorable do secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo, de data 13.01.2023, que informa favorablemente a proposta do novo texto dos estatutos da Fundación Rof Codina M.P.

Considerando a competencia municipal na materia establecida no artigo 25 da Lei 7/1895, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL en diante); e atribución plenaria segundo o artigo 123.1 f) da LBRL.

Esta alcaldía propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos “Estatutos da Fundación Rof Codina M.P.” sendo o texto que se aproba inicialmente o seguinte:

**“ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROF CODINA MEDIO PROPIO (M.P.)**

## **TÍTULO PRIMEIRO**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1. Denominación e natureza.**

*Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego, coa denominación de "Fundación Rof Codina M.P.", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.*

#### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación.**

*O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia na cidade de Lugo, Rúa Estrada da Granxa, 51, Facultade de Veterinaria - Campus de Lugo.*

*O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.*

*A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Os órganos Colexiados poden celebrar sesión e reunións en calquera localidade do seu ámbito territorial.*

*Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.*

#### **Artigo 3. Personalidade e capacidade.**

*A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de fundacións de interese galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.*

#### **Artigo 4. Duración.**



*A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.*

#### **Artigo 5. Réxime normativo.**

*A Fundación rexerese pola vontade dos fundadores expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.*

*Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

*A Fundación ten a consideración de medio propio personificado das entidades membros fundadores mencionadas no artigo 15, debendo asumir os encargos que estas lle ordenen, sen que en ningún caso podan implicar a atribución de potestades públicas ou o exercicio de funcións ou facultades suxeitas ao dereito administrativo.*

*Os encargos, que serán de execución obrigatoria para a Fundación, formalizaranse de acordo co réxime interno de cada administración que sexa membro fundador, de conformidade coas regras previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, ou norma básica que o substitúa, e levaranse a cabo de conformidade coas instrucións que se diten. O/s membro/s fundador/es que realice/n o encargo poderán supervisar en calquera momento a súa correcta execución.*

*Os encargos retribuiranse mediante tarifas aprobadas polos membros fundadores de conformidade co seu réxime interno, e de acordo cos seus Estatutos e demais normas aplicables atendendo, en todo caso, ao custo efectivo soportado pola Fundación para as actividades obxecto de encargo que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas. As tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais que se puideran derivan do encargo.*

*A Fundación non poderá participar en licitacións públicas convocadas polas entidades membros fundadores sen prexuízo de que cando nunha determinada*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*licitación non concorran ningún licitador se lle poda encargar á Fundación a execución da prestación obxecto desa licitación.*

*Así mesmo, a Fundación publicará na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no perfil de contratante a súa condición de medio propio dos membros fundadores indicando as actividades que, comprendidas dentro dos seus fins, pode executar no caso de ser obxecto de encargo.*

*A Fundación poderá participar en licitacións públicas convocadas por outros entes do sector público respecto dos que non teña a condición de medio propio personificado, así como subscribir contratos, acordos, convenios ou calquera outro documento de carácter contractual con outros suxeitos públicos ou privados.*

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **OBXECTO DA FUNDACIÓN**

#### **Artigo 6. Fins.**

*A Fundación, que se constitúe para a xestión do Hospital Veterinario Universitario, do CEBIOVET e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, ten por obxecto á realización dos seguintes fins xerais de interese galego:*

- I. O apoio permanente a docencia clínica da Facultade de Veterinaria de Lugo, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o Hospital Veterinario Universitario.*
- II. O apoio permanente á investigación no Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET).*
- III. O cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para Hospital Veterinario Universitario de Lugo.*

*O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.*

#### **Artigo 7. Actividades fundacionais.**

*Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:*

- 1. Colaboración coa docencia.*
  - a. Formación práctica do alumnado.*
  - b. Reciclaxe, actualización e especialización profesional dos graduados.*
  - c. Apoio a formación continuada dos/as profesionais.*
  - d. Formación especializada nas diferentes áreas clínicas da profesión.*

- e. *Actividade práctica en réxime de colaboración con outros organismos públicos e centros universitarios.*
  - f. *Colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais ou estranxeiros.*
  - g. *Organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos sobre temas monográficos clínicos.*
  - h. *Constitución dun centro de apoio e referencia para profesionais.*
  - i. *Centro de referencia de saúde pública, ambiental e pecuaria.*
  - j. *Colaboración na formación especializada e de posgrao.*
2. *Colaboración e fomento da Investigación.*
- a. *Colaborar e fomentar a investigación experimental e a derivada da propia casuística clínica do Hospital Veterinario Universitario.*
  - b. *Colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais e estranxeiros.*
  - c. *Fomento da investigación básica e aplicada no ámbito das ciencias biomédicas no centro CEBIOVET.*
3. *A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia, entre elas a prestación dos seguintes servizos.*
- a. *Servizo asistencial ao gandeiro/a e propietario/a de animais en xeral.*
  - b. *Servizo de clínica ambulante.*
  - c. *Asistencia técnica aos veterinarios/as naqueles campos que non poden desenvolver por falta de medios: radioloxía, ecografía, cardioloxía, análises clínicos e microbiolóxicos, intervencións cirúrxicas complexas e outros.*
  - d. *Labores de colaboración no control da saúde pública.*
  - e. *Servizo de apoio aos grupos de investigación, no desenvolvemento de modelos experimentais.*
4. *Calquera outras actividades que afecten ou incidan, en calquera forma ou ámbito, na consecución dos fins fundacionais. Entre as que están:*
- a. *Establecer as estruturas organizativas orientadas para a mellor consecución dos seus fins.*
  - b. *Facilitar intercambios de información mutua entre os diferentes axentes interesados no desenvolvemento da actividade veterinaria.*
  - c. *Constituír servizos de asesoramento para os seus membros.*
  - d. *Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores a que estes Estatutos atinxen.*
  - e. *Promover estudos e publicacións.*
  - f. *Establecer Convenios con outras institucións públicas ou privadas.*

### **Artigo 8. Liberdade de actuación.**

*O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.*

## **TÍTULO TERCEIRO**

### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos.**

*A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.*

*Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.*

*O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio*

*Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.*

#### **Artigo 10. Publicidade das actividades.**

*O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.*

#### **Artigo 11. Persoas Beneficiarias.**

*Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, ás seguintes colectividades de persoas:*

- a. *Alumnado da Facultade de Veterinaria de Lugo.*

- b. *Persoas graduadas ou licenciadas en Veterinaria e na área das ciencias da saúde.*
- c. *Profesionais veterinarios.*
- d. *Persoal investigador na área da veterinaria, ciencias biomédicas, ciencias da saúde análogas.*
- e. *Gandeiros/as e propietarios/as de animais en xeral.*
- f. *Con carácter xeral outras colectividades que poidan ter intereses comúns aos da Fundación na área das ciencias veterinarias e no coidado do benestar e saúde dos animais.*

*A determinación das persoas beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade, non discriminación e publicidade.*

#### **TÍTULO CUARTO**

### **ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO, ÓRGANOS DE XESTIÓN, ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E ESTRUTURA ORGANIZATIVA.**

#### **I – ÓRGANOS DE GOBERNO**

##### **Artigo 12. O Padroado.**

*O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.*

*Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade. No exercicio das súas funcións, o Padroado poderá levar a cabo toda clase de actos e negocios xurídicos, sen máis requisitos e formalidades que os fixados nas leis e nestes estatutos e sen menoscabo das atribucións que corresponden ao Protectorado da Fundación.*

##### **Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de patrón/a.**

*Os/as patróns/as exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.*

##### **Artigo 14. Composición.**

*O padroado está composto, como mínimo, polos seguintes membros:*

- *Cinco membros en representación da Universidade de Santiago de Compostela.*
- *Catro membros en representación da Xunta de Galicia*
- *Tres membros de cada unha do resto de entidades membros fundadores mencionadas no artigo 15.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*O resto de membros do padroado serán designados segundo o exposto no artigo 15.*

*Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.*

*As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.*

*Os/as patróns/as que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro/a patrón/a designado por el.*

### **Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros.**

*Os membros do Padroado poden ser de honra, fundadores e non fundadores.*

*Son membros de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas, que en virtude de acordo por maioría absoluta legal dos membros fundadores, e en atención aos seus relevantes méritos ou servizos aos fins propios da Fundación, así se designen. Teñen natureza e carácter honoríficos e protocolarios, salvo que nos mesmos concorran tamén a calidade de fundadores ou non fundadores.*

*Son membros fundadores aqueles que constitúen e crean a Fundación, e non fundadores aqueles que se incorporan ao Padroado con posterioridade ao outorgamento da Carta Fundacional.*

*Constitúen e crean a Fundación e, por tanto, son membros fundadores:*

- *A Xunta de Galicia.*
- *A Universidade de Santiago de Compostela*
- *A Excelentísima Deputación Provincial de Lugo*
- *O Excelentísimo Concello de Lugo*

*A calidade de membro non fundador, no caso de persoas xurídicas, adquirese mediante petición dirixida ao Presidente do Padroado por parte do presidente da entidade solicitante, acompañada de certificación de acordo adoptado polo seu órgano de decisión máximo, no cal se exprese a vontade de adhesión íntegra a estes Estatutos e as normas que os desenvolvan, así como as demais disposicións legais inherentes, co compromiso expreso de asumir os dereitos e obrigas inherentes. No caso de persoas físicas, adquirese mediante petición dirixida ao Presidente do Padroado por parte da persoa interesada, na cal se exprese a vontade de adhesión íntegra a estes Estatutos e as normas que os desenvolvan, así como as demais disposicións legais inherentes, co compromiso expreso de asumir os dereitos e obrigas inherentes.*

*Dita petición terá efecto desde a data en que sexa comunicada, a entidade ou persoa solicitante, a aceptación decidida por acordo motivado do Padroado, por maioría absoluta legal dos seus membros.*

*Os/as patróns/as desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos renovables.*

*Os membros que representan as entidades que fan parte do padroado por razón do seu cargo nas mesmas, cesarán automaticamente das súas funcións cando sexan cesados nos súas respectivas entidades.*

*Tamén poderán cesar a petición propia ou por acordo da entidade a que representan.*

*Nos dous supostos anteriores, os/as substitutos/as designados/as exercerán o seu cargo o tempo restante até a seguinte elección da súa entidade.*

*O Padroado, dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á renovación ou a designación dos novos membros.*

#### **Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro.**

*Os/as patróns/as entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo.*

*Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e praxe do presidente.*

*A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

#### **Artigo 17. Organización do Padroado.**

*A presidencia do Padroado corresponderá ao/á Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, correspondendo a presidencia de honra ao/á presidente da Xunta de Galicia.*

*Existirán dúas vicepresidencias, primeira e segunda, que corresponderán, por alternancia anual, ao/á Conselleiro/a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ao/á Ilustrísimo/a presidente da Deputación Provincial de Lugo. O padroado poderá crear outras vicepresidencias, en representación do resto de membros do Padroado.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*Así mesmo, o Padroado designará un/ha secretario/a, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.*

### **Artigo 18. O/A presidente/a.**

*Ao/á presidente/a correspóndelle:*

- a. *Dirixir o goberno e administración da Fundación.*
- b. *Exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; e previo acordo do Padroado, exercita as accións xudiciais e administrativas, podendo conferir poderes a tal fin, e adoptar persoalmente resolucións ao respecto, caso de urxencia, dando conta ao órgano colexiado para a súa ratificación se proceder.*
- c. *Acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.*
- d. *Dispor os gastos conforme os orzamentos, ordena pagos e rende contas.*
- e. *Conferir as delegacións xerais ou específicas aos membros da Fundación nos termos e co alcance que determine.*
- f. *Propor ao Padroado o nomeamento de secretario/a do Padroado, do xerente e do tesoureiro – interventor da Fundación.*
- g. *Exercer cantas outras funcións lle correspondan conforme as disposicións legais, a estes Estatutos e normas que os desenvolvan, así como as demais funcións de carácter ordinario precisas para o eficaz funcionamento da Fundación, así como de aquelas que o Padroado poda delegar na súa persoa.*

*O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.*

### **Artigo 19. O/A vicepresidente/a.**

*Corresponderalle ao/á vicepresidente/a primeiro realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.*

### **Artigo 20. O/A secretario/a.**

*Son funcións do/a secretario/a:*

- a. *Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.*



- b. *Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.*
- c. *Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.*
- d. *Dar fe de todos os actos, resolucións e acordos e expedir as certificacións co visto e praxe da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.*
- e. *Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas, así como as que a Presidencia lle encomende ou delegue en cuestións de mero trámite.*

*Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído polo/a tesoureiro/a – interventor/a.*

#### **Artigo 21. Facultades do Padroado.**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.*

*Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:*

- a) *Exercer o goberno, a administración, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.*
- b) *Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.*
- c) *Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.*
- d) *Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións*
- e) *Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.*
- f) *Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.*
- g) *Delegar as súas facultades nun ou máis patróns/as, sen que poidan ser obxecto de delegación:*
  - *A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.*
  - *A modificación dos estatutos.*
  - *O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.*
  - *Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.*

*No exercicio das súas funcións o Padroado poderá levar a cabo toda clase de actos e negocios xurídicos sen máis requisitos e formalidades que as fixadas neste estatuto e as fixadas nas leis.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

### **Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado.**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.*

*Son obrigas dos membros do Padroado:*

- a. Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.*
- b. Cumprir os estatutos, normas que os desenvolvan e acordos validamente adoptados.*
- c. Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.*
- d. Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.*
- e. Satisfacer as cotas que, no seu caso, se establezan.*
- f. Participar nos órganos complementarios na forma en que se determine.*
- g. Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*Son dereitos dos membros do Padroado:*

- a. Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.*
- b. Exercer o dereito de voto.*
- c. Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.*
- d. Presentar mocións, proposicións, rogos e preguntas aos órganos dos que fagan parte.*

### **Artigo 23. Responsabilidades dos/las patróns/as.**

*Os/as patróns/as deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.*

*Os/as patróns/as responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.*

### **Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado.**

*O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e ademais polas seguintes causas:*

- *O cesamento poderá decidirse polo Padroado da Fundación, previa instrución de expediente con trámite de audiencia do membro afectado, no caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, sempre que este previamente, fose requirido ao efecto.*
- *Non será preciso o requirimento previo, no caso de que os incumprimentos afecten de maneira grave ao interese xeral e aos fins fundacionais. Sendo precisa a concesión de audiencia no expediente que se instrúa ao efecto.*
- *Nos supostos contemplados nos dous apartados anteriores será preciso o voto favorable de dúas terceiras partes dos asistentes, á reunión na que se aprobe, sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta legal do total de membros do padroado.*

*A renuncia ao cargo de patrón/a poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.*

*O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráse ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.*

#### **Artigo 25. Reunións do Padroado e resto de órganos colexiados.**

*O padroado e o resto de órganos colexiados da Fundación poden celebrar sesións ordinarias e extraordinarias. Estas poden ser urxentes en virtude de resolución motivada pola Presidencia.*

*O Padroado reunirase, polo menos, dúas veces e sesión ordinaria ao ano e tantas veces como sexa preciso en sesión extraordinaria para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.*

*A convocatoria de ditas reunións expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días hábiles de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.*

*No caso de convocatoria urxente inaprazable a antedita antelación poderá reducirse a metade. Dita urxencia terá que ser ratificada polo órgano reunido.*

*Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os/as patróns/as, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*As sesións celébranse en primeira ou segunda convocatoria, esta última, transcorrida unha hora desde a data e horas marcadas para a celebración da sesión.*

*O Padroado e os órganos colexiados da Fundación poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*A convocatoria das sesións poderá facerse mediante correo electrónico no seu enderezo electrónico institucional ou no enderezo de correo electrónico que sinalen para ese efecto.*

*Poderán utilizarse outros medios electrónicos de notificación ou comunicación sempre que o sistema permita acreditar a data e a hora na que se produza a posta á disposición do interesado da convocatoria notificada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais; en todo caso, presumirase que a notificación se produciu polo transcurso de 24 horas, desde a posta á disposición do/a interesado/a da convocatoria notificada, agás que, de oficio ou por instancia do/a destinatario/a, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.*

*A documentación para as sesións poderá figurar nun repositorio específico e será o único medio para obter a documentación da sesión. No caso de existir contrasinais de acceso ao repositorio, estas non poderán ser difundidas a outras persoas alleas ao órgano colexiado.*

*Os membros dun órgano colexiado poderán participar nas sesións desde outros lugares de xeito simultáneo sempre que a Presidencia o acepte e os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o pleno respecto dos dereitos dos membros. Esta participación computará para os efectos de asistencia, quórum e realización de votacións.*

*Unha vez constituído o órgano, a persoa que exerza a súa presidencia poderá designar a unha persoa que actúe de soporte técnico para que auxilie as persoas que se conectan telematicamente.*

### **Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos.**

*O Padroado, entenderase validamente constituídos cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria. E cando concorran un terzo dos membros máis o secretario en segunda convocatoria.*

*En todos os casos é precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen de forma legal os/as substitúan.*

*As votacións serán a man alzada, salvo no caso de eleccións, nas que serán secretas. Tamén o serán cando o soliciten a maioría dos membros presentes, sen prexuízo do que podan fixar as normas de desenvolvemento. Non obstante calquera membro ten dereito a que, por petición expresa, se reflicta na acta o sentido do seu voto.*

*Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes; en caso de empate será dirimente o voto do presidente. Non obstante, requirirase maioría cualificada, que en cada caso se estableza, dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación, os que a requiran segundo o fixado nestes estatutos e normas que os desenvolven e nos casos en que a normativa legal así o esixa.*

*Poderá facerse delegación do voto, a cal se acreditará documentalmente.*

*Das reunións do Padroado elaborará a acta o secretario, que será aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.*

## **II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 27. Consellos asesores e órganos complementarios.**

*O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.*

*As normas que desenvolvan estes estatutos estruturarán e determinarán a creación destes órganos complementarios.*

*As decisións adoptadas por estes serán potestativas e non vinculantes para os órganos de goberno da Fundación, salvo disposición legal ou estatutaria que dispoña o contrario..*

### **Artigo 28. Xerente.**

*O Padroado poderá acordar a designación dun/ha director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. O seu nomeamento e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*O/A xerente da Fundación, exerce en virtude de acordo do Padroado, as seguintes funcións:*

- 1. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado.*
- 2. Supervisión e control do despacho ordinario, de asuntos da entidade e ostenta a xefatura ordinaria de todo o persoal.*
- 3. As funcións propias do Padroado que por este órgano lle sexan delegadas, dando conta a Padroado das mesmas.*
- 4. As funcións propias do Presidente que por este lle sexan delegadas, dando conta a Padroado das mesmas.*
- 5. Asumir en virtude de acordo do Padroado as funcións de tesoureiro-interventor.*
- 6. Asistir as sesións do Padroado con voz e sen voto, salvo que for membro do Padroado.*
- 7. Redactar o borrador de memoria anual da actividade, que se presentara ao padroado para a súa aprobación se procede.*
- 8. Propoñer ao Padroado o nomeamento do/a director/a do CEBIOVET.*

*As resolucións ou acordos sobre delegacións conferidas ao xerente, serán motivadas polos correspondentes órganos e precisarase, en cada caso, a súa natureza e alcance.*

*Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o/a xerente será substituído/a polo/a secretario/a.*

### **III – ESTRUCTURA ORGANIZATIVA**

#### **Artigo 29. Estructura Organizativa.**

*O Padroado aprobará a estrutura organizativa que posibilite a mellor xestión dos centros dependentes da Fundación Rof Codina M.P.*

*A estrutura e organigrama aprobados polo Padroado determinarán cada unidade funcional, a súa denominación e dependencia, as funcións e cometidos que se lle atribúan. Estas funcións serán fixadas nas normas que desenvolvan estes estatutos ou en normas específicas aprobadas polo Padroado.*

*A estrutura organizativa atenderá ao fixado no artigo 67 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.*

#### **Artigo 30. Dirección Veterinaria do HVU-RC.**

*Dentro da estrutura organizativa existirá o cargo de director/a veterinario/a cuxas funcións serán especificadas na normativa que desenvolva estes estatutos.*

*Este cargo segundo o fixado no artigo 67 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela será nomeado polo/a reitor/a da mesma.*

*O/A director/a veterinario/a deberá cumprir as condicións marcadas no artigo 71 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.*

### **Artigo 31. Dirección CEBIOVET.**

*Dentro da estrutura organizativa existirá o cargo de director/a do CEBIOVET, responsable da dirección do centro e cuxas funcións serán especificadas na normativa que desenvolva estes estatutos. Este cargo será designado polo Padroado, por proposta da Xerencia da Fundación Rof Codina, entre persoas de recoñecida competencia no ámbito da investigación animal co título de doutor ou doutora.*

## **TÍTULO QUINTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 32. Réxime normativo en materia económica.**

*A Fundación rexerese polo establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, en materia orzamentaria, contabilidade e auditoría de contas.*

#### **Artigo 33. Patrimonio fundacional.**

*O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.*

*Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*A dotación inicial é a recollida na carta fundacional e como tal: Cesión de uso ao seu favor por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo dos inmobles e terreos anexos a Facultade de Veterinaria de Lugo, cuxa descrición consta na escritura fundacional, onde se localiza o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina*

*Tamén forma parte do patrimonio fundacional o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEVIOBET) construído sobre os terreos mencionado no apartado anterior.*

*O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

### **Artigo 34. Adscripción do patrimonio fundacional.**

*Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación perseque, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.*

### **Artigo 35. Financiamento.**

*A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan de*

- *As cotas que se establezan no seu Padroado, que serán aboadas no prazo e forma que determine o Padroado.*
- *O rendemento do seu patrimonio.*
- *As axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.*
- *De cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:*
  - a) *Non desvirtúe o interese xeral dos membros fundadores.*
  - b) *Non sexa contrario á vontade fundacional.*
  - c) *Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.*
- *Calquera outro que se axuste a legalidade*

*Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.*

### **Artigo 36. Plan de actuación.**

*O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será presentado ao Protectorado, acompañado de certificación de aprobación por parte do Padroado, que fará o depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

### **Artigo 37. Orzamentos.**

*O padroado confeccionará e aprobará para cada exercicio económico un orzamento que recolla os ingresos e gastos previstos para o exercicio. A estrutura dos orzamentos axustaranse a normativa que lle sexa atinente.*

*O proxecto de orzamentos terá que ser presentado en sesión ordinaria da reunión do Padroado anterior ao comezo do exercicio económico ao que fan referencia os mencionados orzamentos.*

### **Artigo 38. Contas anuais.**



*A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.*

*As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.*

*A memoria completará, ampliará e comentará a información recollida no balance e conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación e as variacións patrimoniais producidas. Ademais, incluírá as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, diferenciando entre gastos e ingresos e indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios/as, os convenios, que no seu caso, se asinaran con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.*

*As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno, a cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de fundacións de interese galego.*

*Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.*

#### **Artigo 39. Exercicio económico.**

*O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.*

#### **TÍTULO SEXTO**

#### **DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

#### **Artigo 40. Modificación de estatutos.**

*Por acordo motivado de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña unha maioría absoluta legal dos membros do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*Dito acordo deberá conter exposición razoada e causa determinante da modificación, o contido da modificación, os novos textos e estudo económico da súa viabilidade.*

*A modificación ou nova redacción dos estatutos deberá ser formalizada en escritura pública e inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*A modificación da nova redacción terá que ser comunicada ao Protectorado, que só poderá oporse por razóns de legalidade, nun prazo máximo de tres meses a contar desde a notificación.*

### **Artigo 41. Fusión ou escisión da Fundación.**

*A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación. Tanto fusión como escisión realizaranse nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.*

### **Artigo 42. Extinción da Fundación.**

*A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.*

*O acordo de extinción terá que ser adoptado, por maioría de dous terzos dos membros que a integran, polo Padroado en sesión extraordinaria convocada ao efecto.*

### **Artigo 43. Liquidación e adxudicación.**

*A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.*

*Extinguida a Fundación procederase a súa liquidación, repartíndose o patrimonio social entre as entidades integradas nela en cantidade proporcional as súas respectivas achegas, unha vez que foren deducidos os recursos necesarios para o cumprimento de obrigas pendentes.*

*Os bens mobles e inmobles adscritos a Fundación pasarán aos seus lexítimos propietarios, pero en todo caso para ser utilizados para a docencia práctica e de investigación da Facultade de Veterinaria de Lugo.*

### **Artigo 44. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro**

*Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, e liquidación será necesario o voto favorable de dous terzos dos asistentes sempre que supoñan unha maioría absoluta legal dos membros do Padroado.*

*O acordo de extinción terá que ser adoptado, por maioría de dous terzos dos membros que a integran.*

*Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

##### **Disposición adicional primeira.**

*O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.*

*A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.*

##### **Disposición adicional segunda.**

*De producírense modificacións estatutarias, o Padroado procederá a ditar novas normas de desenvolvemento, ou no seu caso modificar as xa existentes, para adaptalas ás modificacións realizadas.*

*Mentres non se elaboren as ditas normas de adaptación, serán de aplicación, en todo o que non contradiga os novos estatutos e a normativa vixente, as normas que foron elaboradas para desenvolver os estatutos anteriormente vixentes."*

SEGUNDO.- Proceder á exposición pública do expediente polo prazo de TRINTA DÍAS mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia para público coñecemento segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. No suposto de que non se presenten alegacións, a aprobación inicial dos estatutos considerárase definitiva sen necesidade dun novo acordo plenario, comunicándose ao Sr. Director Xerente da Fundación Rof Codina para a súa aprobación polo Padroado, formalización en escritura pública e inscrición no rexistro de Fundacións de Interese Galego.

TERCEIRO.- Facultar expresa e amplamente á Excma. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo para todo canto proceda en orde á execución e maior axilidade e eficacia do acordado."

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2023.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos “Estatutos da Fundación Rof Codina M.P.” sendo o texto que se aproba inicialmente o seguinte:

### **“ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROF CODINA MEDIO PROPIO (M.P.)**

#### **TÍTULO PRIMEIRO**

#### **DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1. Denominación e natureza.**

*Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego, coa denominación de “Fundación Rof Codina M.P.”, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.*

##### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación.**

*O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia na cidade de Lugo, Rúa Estrada da Granxa, 51, Facultade de Veterinaria - Campus de Lugo.*

*O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.*

*A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Os órganos Colexiados poden celebrar sesión e reunións en calquera localidade do seu ámbito territorial.*

*Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.*

### **Artigo 3. Personalidade e capacidade.**

*A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de fundacións de interese galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.*

### **Artigo 4. Duración.**

*A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.*

### **Artigo 5. Réxime normativo.**

*A Fundación rexerese pola vontade dos fundadores expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.*

*Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*A Fundación ten a consideración de medio propio personificado das entidades membros fundadores mencionadas no artigo 15, debendo asumir os encargos que estas lle ordenen, sen que en ningún caso podan implicar a atribución de potestades públicas ou o exercicio de funcións ou facultades suxeitas ao dereito administrativo.*

*Os encargos, que serán de execución obrigatoria para a Fundación, formalizaranse de acordo co réxime interno de cada administración que sexa membro fundador, de conformidade coas regras previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, ou norma básica que o substitúa, e levaranse a cabo de conformidade coas instrucións que se diten. O/s membro/s fundador/es que realice/n o encargo poderán supervisar en calquera momento a súa correcta execución.*

*Os encargos retribuiranse mediante tarifas aprobadas polos membros fundadores de conformidade co seu réxime interno, e de acordo cos seus Estatutos e demais normas aplicables atendendo, en todo caso, ao custo efectivo soportado pola Fundación para as actividades obxecto de encargo que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas. As tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais que se puideran derivan do encargo.*

*A Fundación non poderá participar en licitacións públicas convocadas polas entidades membros fundadores sen prexuízo de que cando nunha determinada licitación non concorran ningún licitador se lle poda encargar á Fundación a execución da prestación obxecto desa licitación.*

*Así mesmo, a Fundación publicará na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no perfil de contratante a súa condición de medio propio dos membros fundadores indicando as actividades que, comprendidas dentro dos seus fins, pode executar no caso de ser obxecto de encargo.*

*A Fundación poderá participar en licitacións públicas convocadas por outros entes do sector público respecto dos que non teña a condición de medio propio personificado, así como subscribir contratos, acordos, convenios ou calquera outro documento de carácter contractual con outros suxeitos públicos ou privados.*

## TÍTULO SEGUNDO

### OBXECTO DA FUNDACIÓN

#### Artigo 6. Fins.

A Fundación, que se constitúe para a xestión do Hospital Veterinario Universitario, do CEBIOVET e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, ten por obxecto á realización dos seguintes fins xerais de interese galego:

- IV. O apoio permanente a docencia clínica da Facultade de Veterinaria de Lugo, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o Hospital Veterinario Universitario.
- V. O apoio permanente á investigación no Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET).
- VI. O cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para Hospital Veterinario Universitario de Lugo.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

#### Artigo 7. Actividades fundacionais.

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

2. Colaboración coa docencia.
  - a. Formación práctica do alumnado.
  - b. Reciclaxe, actualización e especialización profesional dos graduados.
  - c. Apoio a formación continuada dos/as profesionais.
  - d. Formación especializada nas diferentes áreas clínicas da profesión.
  - e. Actividade práctica en réxime de colaboración con outros organismos públicos e centros universitarios.
  - f. Colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais ou estranxeiros.
  - g. Organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos sobre temas monográficos clínicos.
  - h. Constitución dun centro de apoio e referencia para profesionais.
  - i. Centro de referencia de saúde pública, ambiental e pecuaria.
  - j. Colaboración na formación especializada e de posgrao.
3. Colaboración e fomento da Investigación.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- a. *Colaborar e fomentar a investigación experimental e a derivada da propia casuística clínica do Hospital Veterinario Universitario.*
  - b. *Colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais e estranxeiros.*
  - c. *Fomento da investigación básica e aplicada no ámbito das ciencias biomédicas no centro CEBIOVET.*
4. *A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia, entre elas a prestación dos seguintes servizos.*
- a. *Servizo asistencial ao gandeiro/a e propietario/a de animais en xeral.*
  - b. *Servizo de clínica ambulante.*
  - c. *Asistencia técnica aos veterinarios/as naqueles campos que non poden desenvolver por falta de medios: radioloxía, ecografía, cardioloxía, análises clínicos e microbiolóxicos, intervencións cirúrxicas complexas e outros.*
  - d. *Labores de colaboración no control da saúde pública.*
  - e. *Servizo de apoio aos grupos de investigación, no desenvolvemento de modelos experimentais.*
5. *Calquera outras actividades que afecten ou incidan, en calquera forma ou ámbito, na consecución dos fins fundacionais. Entre as que están:*
- a. *Establecer as estruturas organizativas orientadas para a mellor consecución dos seus fins.*
  - b. *Facilitar intercambios de información mutua entre os diferentes axentes interesados no desenvolvemento da actividade veterinaria.*
  - c. *Constituír servizos de asesoramento para os seus membros.*
  - d. *Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores a que estes Estatutos atinxen.*
  - e. *Promover estudos e publicacións.*
  - f. *Establecer Convenios con outras institucións públicas ou privadas.*

### **Artigo 8. Liberdade de actuación.**

*O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.*



## **TÍTULO TERCEIRO**

### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos.**

*A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.*

*Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.*

*O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio*

*Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.*

#### **Artigo 10. Publicidade das actividades.**

*O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.*

#### **Artigo 11. Persoas Beneficiarias.**

*Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, ás seguintes colectividades de persoas:*

- g. Alumnado da Facultade de Veterinaria de Lugo.*
- h. Persoas graduadas ou licenciadas en Veterinaria e na área das ciencias da saúde.*
- i. Profesionais veterinarios.*
- j. Persoal investigador na área da veterinaria, ciencias biomédicas, ciencias da saúde análogas.*
- k. Gandeiros/as e propietarios/as de animais en xeral.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- I. *Con carácter xeral outras colectividades que poidan ter intereses comúns aos da Fundación na área das ciencias veterinarias e no coidado do benestar e saúde dos animais.*

*A determinación das persoas beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade, non discriminación e publicidade.*

### TÍTULO CUARTO

#### **ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO, ÓRGANOS DE XESTIÓN, ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E ESTRUTURA ORGANIZATIVA.**

##### **I – ÓRGANOS DE GOBERNO**

###### **Artigo 12. O Padroado.**

*O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.*

*Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade. No exercicio das súas funcións, o Padroado poderá levar a cabo toda clase de actos e negocios xurídicos, sen máis requisitos e formalidades que os fixados nas leis e nestes estatutos e sen menoscabo das atribucións que corresponden ao Protectorado da Fundación.*

###### **Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de patrón/a.**

*Os/as patróns/as exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.*

###### **Artigo 14. Composición.**

*O padroado está composto, como mínimo, polos seguintes membros:*

- *Cinco membros en representación da Universidade de Santiago de Compostela.*
- *Catro membros en representación da Xunta de Galicia*
- *Tres membros de cada unha do resto de entidades membros fundadores mencionadas no artigo 15.*

*O resto de membros do padroado serán designados segundo o exposto no artigo 15.*

*Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.*

*As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.*

*Os/as patróns/as que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro/a patrón/a designado por el.*

#### **Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros.**

*Os membros do Padroado poden ser de honra, fundadores e non fundadores.*

*Son membros de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas, que en virtude de acordo por maioría absoluta legal dos membros fundadores, e en atención aos seus relevantes méritos ou servizos aos fins propios da Fundación, así se designen. Teñen natureza e carácter honoríficos e protocolarios, salvo que nos mesmos concorran tamén a calidade de fundadores ou non fundadores.*

*Son membros fundadores aqueles que constitúen e crean a Fundación, e non fundadores aqueles que se incorporan ao Padroado con posterioridade ao outorgamento da Carta Fundacional.*

*Constitúen e crean a Fundación e, por tanto, son membros fundadores:*

- A Xunta de Galicia.
- A Universidade de Santiago de Compostela
- A Excelentísima Deputación Provincial de Lugo
- O Excelentísimo Concello de Lugo

*A calidade de membro non fundador, no caso de persoas xurídicas, adquirese mediante petición dirixida ao Presidente do Padroado por parte do presidente da entidade solicitante, acompañada de certificación de acordo adoptado polo seu órgano de decisión máximo, no cal se exprese a vontade de adhesión íntegra a estes Estatutos e as normas que os desenvolvan, así como as demais disposicións legais inherentes, co compromiso expreso de asumir os dereitos e obrigas inherentes. No caso de persoas físicas, adquirese mediante petición dirixida ao Presidente do Padroado por parte da persoa interesada, na cal se exprese a vontade de adhesión íntegra a estes Estatutos e as normas que os desenvolvan, así como as demais disposicións legais inherentes, co compromiso expreso de asumir os dereitos e obrigas inherentes.*

*Dita petición terá efecto desde a data en que sexa comunicada, a entidade ou persoa solicitante, a aceptación decidida por acordo motivado do Padroado, por maioría absoluta legal dos seus membros.*

*Os/as patróns/as desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos renovables.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*Os membros que representan as entidades que fan parte do padroado por razón do seu cargo nas mesmas, cesarán automaticamente das súas funcións cando sexan cesados nos súas respectivas entidades.*

*Tamén poderán cesar a petición propia ou por acordo da entidade a que representan.*

*Nos dous supostos anteriores, os/as substitutos/as designados/as exercerán o seu cargo o tempo restante até a seguinte elección da súa entidade.*

*O Padroado, dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á renovación ou a designación dos novos membros.*

### **Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro.**

*Os/as patróns/as entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo.*

*Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.*

*A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

### **Artigo 17. Organización do Padroado.**

*A presidencia do Padroado corresponderá ao/á Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, correspondendo a presidencia de honra ao/á presidente da Xunta de Galicia.*

*Existirán dúas vicepresidencias, primeira e segunda, que corresponderán, por alternancia anual, ao/á Conselleiro/a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ao/á Ilustrísimo/a presidente da Deputación Provincial de Lugo. O padroado poderá crear outras vicepresidencias, en representación do resto de membros do Padroado.*

*Así mesmo, o Padroado designará un/ha secretario/a, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.*

### **Artigo 18. O/A presidente/a.**

Ao/á presidente/a correspóndelle:

- h. *Dirixir o goberno e administración da Fundación.*
- i. *Exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; e previo acordo do Padroado, exercita as accións xudiciais e administrativas, podendo conferir poderes a tal fin, e adoptar persoalmente resolucións ao respecto, caso de urxencia, dando conta ao órgano Colexiado para a súa ratificación se proceder.*
- j. *Acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.*
- k. *Dispor os gastos conforme os orzamentos, ordena pagos e rende contas.*
- l. *Conferir as delegacións xerais ou específicas aos membros da Fundación nos termos e co alcance que determine.*
- m. *Propor ao Padroado o nomeamento de secretario/a do Padroado, do xerente e do tesoureiro – interventor da Fundación.*
- n. *Exercer cantas outras funcións lle correspondan conforme as disposicións legais, a estes Estatutos e normas que os desenvolvan, así como as demais funcións de carácter ordinario precisas para o eficaz funcionamento da Fundación, así como de aquelas que o Padroado poda delegar na súa persoa.*

*O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.*

#### **Artigo 19. O/A vicepresidente/a.**

*Corresponderalle ao/á vicepresidente/a primeiro realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.*

#### **Artigo 20. O/A secretario/a.**

*Son funcións do/a secretario/a:*

- f. *Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.*
- g. *Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.*
- h. *Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- i. *Dar fe de todos os actos, resolucións e acordos e expedir as certificacións co visto e praxe da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.*
- j. *Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas, así como as que a Presidencia lle encomende ou delegue en cuestións de mero trámite.*

*Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído polo/a tesoureiro/a – interventor/a.*

### **Artigo 21. Facultades do Padroado.**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.*

*Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:*

- a) *Exercer o goberno, a administración, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.*
- b) *Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.*
- c) *Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.*
- d) *Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións*
- e) *Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.*
- f) *Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.*
- g) *Delegar as súas facultades nun ou máis patróns/as, sen que poidan ser obxecto de delegación:*
  - *A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.*
  - *A modificación dos estatutos.*
  - *O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.*
  - *Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.*

*No exercicio das súas funcións o Padroado poderá levar a cabo toda clase de actos e negocios xurídicos sen máis requisitos e formalidades que as fixadas neste estatuto e as fixadas nas leis.*

### **Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado.**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.*

Son obrigas dos membros do Padroado:

- h. *Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.*
- i. *Cumprir os estatutos, normas que os desenvolvan e acordos validamente adoptados.*
- j. *Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.*
- k. *Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.*
- l. *Satisfacer as cotas que, no seu caso, se establezan.*
- m. *Participar nos órganos complementarios na forma en que se determine.*
- n. *Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Son dereitos dos membros do Padroado:

- e. *Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.*
- f. *Exercer o dereito de voto.*
- g. *Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.*
- h. *Presentar mocións, proposicións, rogos e preguntas aos órganos dos que fagan parte.*

### **Artigo 23. Responsabilidades dos/as patróns/as.**

*Os/as patróns/as deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.*

*Os/as patróns/as responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.*

### **Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado.**

*O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e ademais polas seguintes causas:*

- *O cesamento poderá decidirse polo Padroado da Fundación, previa instrución de expediente con trámite de audiencia do membro afectado, no caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, sempre que este previamente, fose requirido ao efecto.*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- *Non será preciso o requirimento previo, no caso de que os incumprimentos afecten de maneira grave ao interese xeral e aos fins fundacionais. Sendo precisa a concesión de audiencia no expediente que se instrúa ao efecto.*
- *Nos supostos contemplados nos dous apartados anteriores será preciso o voto favorable de dúas terceiras partes dos asistentes, á reunión na que se aprobe, sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta legal do total de membros do padroado.*

*A renuncia ao cargo de patrón/a poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.*

*O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráselle ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.*

### **Artigo 25. Reunións do Padroado e resto de órganos colexiados.**

*O padroado e o resto de órganos colexiados da Fundación poden celebrar sesións ordinarias e extraordinarias. Estas poden ser urxentes en virtude de resolución motivada pola Presidencia.*

*O Padroado reunirase, polo menos, dúas veces e sesión ordinaria ao ano e tantas veces como sexa preciso en sesión extraordinaria para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.*

*A convocatoria de ditas reunións expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días hábiles de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.*

*No caso de convocatoria urxente inaprazable a antedita antelación poderá reducirse a metade. Dita urxencia terá que ser ratificada polo órgano reunido.*

*Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os/as patróns/as, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.*

*As sesións celébranse en primeira ou segunda convocatoria, esta última, transcorrida unha hora desde a data e horas marcadas para a celebración da sesión.*



*O Padroado e os órganos colexiados da Fundación poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*A convocatoria das sesións poderá facerse mediante correo electrónico no seu enderezo electrónico institucional ou no enderezo de correo electrónico que sinalen para ese efecto.*

*Poderán utilizarse outros medios electrónicos de notificación ou comunicación sempre que o sistema permita acreditar a data e a hora na que se produza a posta á disposición do interesado da convocatoria notificada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais; en todo caso, presumirase que a notificación se produciu polo transcurso de 24 horas, desde a posta á disposición do/a interesado/a da convocatoria notificada, agás que, de oficio ou por instancia do/a destinatario/a, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.*

*A documentación para as sesións poderá figurar nun repositorio específico e será o único medio para obter a documentación da sesión. No caso de existir contrasinais de acceso ao repositorio, estas non poderán ser difundidas a outras persoas alleas ao órgano colexiado.*

*Os membros dun órgano colexiado poderán participar nas sesións desde outros lugares de xeito simultáneo sempre que a Presidencia o acepte e os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o pleno respecto dos dereitos dos membros. Esta participación computará para os efectos de asistencia, quórum e realización de votacións.*

*Unha vez constituído o órgano, a persoa que exerza a súa presidencia poderá designar a unha persoa que actúe de soporte técnico para que auxilie as persoas que se conectan telematicamente.*

#### **Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos.**

*O Padroado, entenderase validamente constituídos cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria. E cando concorran un terzo dos membros máis o secretario en segunda convocatoria.*

*En todos os casos é precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen de forma legal os/as substitúan.*

*As votacións serán a man alzada, salvo no caso de eleccións, nas que serán secretas. Tamén o serán cando o soliciten a maioría dos membros presentes, sen prexuízo do que podan fixar as normas de desenvolvemento. Non obstante*

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*calquera membro ten dereito a que, por petición expresa, se reflecta na acta o sentido do seu voto.*

*Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes; en caso de empate será dirimente o voto do presidente. Non obstante, requirirase maioría cualificada, que en cada caso se estableza, dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación, os que a requiran segundo o fixado nestes estatutos e normas que os desenvolven e nos casos en que a normativa legal así o esixa.*

*Poderá facerse delegación do voto, a cal se acreditará documentalmente.*

*Das reunións do Padroado elaborará a acta o secretario, que será aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.*

## **II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 27. Consellos asesores e órganos complementarios.**

*O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.*

*As normas que desenvolvan estes estatutos estruturarán e determinarán a creación destes órganos complementarios.*

*As decisións adoptadas por estes serán potestativas e non vinculantes para os órganos de goberno da Fundación, salvo disposición legal ou estatutaria que dispoña o contrario..*

### **Artigo 28. Xerente.**

*O Padroado poderá acordar a designación dun/ha director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. O seu nomeamento e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.*

*O/A xerente da Fundación, exerce en virtude de acordo do Padroado, as seguintes funcións:*

- 9. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado.*

10. Supervisión e control do despacho ordinario, de asuntos da entidade e ostenta a xefatura ordinaria de todo o persoal.
11. As funcións propias do Padroado que por este órgano lle sexan delegadas, dando conta a Padroado das mesmas.
12. As funcións propias do Presidente que por este lle sexan delegadas, dando conta a Padroado das mesmas.
13. Asumir en virtude de acordo do Padroado as funcións de tesoureiro-interventor.
14. Asistir as sesións do Padroado con voz e sen voto, salvo que for membro do Padroado.
15. Redactar o borrador de memoria anual da actividade, que se presentara ao padroado para a súa aprobación se procede.
16. Propoñer ao Padroado o nomeamento do/a director/a do CEBIOVET.

As resolucións ou acordos sobre delegacións conferidas ao xerente, serán motivadas polos correspondentes órganos e precisarase, en cada caso, a súa natureza e alcance.

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o/a xerente será substituído/a polo/a secretario/a.

### III – ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

#### Artigo 29. Estructura Organizativa.

O Padroado aprobará a estrutura organizativa que posibilite a mellor xestión dos centros dependentes da Fundación Rof Codina M.P.

A estrutura e organigrama aprobados polo Padroado determinarán cada unidade funcional, a súa denominación e dependencia, as funcións e cometidos que se lle atribúan. Estas funcións serán fixadas nas normas que desenvolvan estes estatutos ou en normas específicas aprobadas polo Padroado.

A estrutura organizativa atenderá ao fixado no artigo 67 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

#### Artigo 30. Dirección Veterinaria do HVU-RC.

Dentro da estrutura organizativa existirá o cargo de director/a veterinario/a cuxas funcións serán especificadas na normativa que desenvolva estes estatutos.

Este cargo segundo o fixado no artigo 67 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela será nomeado polo/a reitor/a da mesma.

O/A director/a veterinario/a deberá cumprir as condicións marcadas no artigo 71 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Artigo 31. Dirección CEBIOVET.**

*Dentro da estrutura organizativa existirá o cargo de director/a do CEBIOVET, responsable da dirección do centro e cuxas funcións serán especificadas na normativa que desenvolva estes estatutos. Este cargo será designado polo Padroado, por proposta da Xerencia da Fundación Rof Codina, entre persoas de recoñecida competencia no ámbito da investigación animal co título de doutor ou doutora.*

## **TÍTULO QUINTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 32. Réxime normativo en materia económica.**

*A Fundación rexerese polo establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, en materia orzamentaria, contabilidade e auditoría de contas.*

#### **Artigo 33. Patrimonio fundacional.**

*O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.*

*Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*A dotación inicial é a recollida na carta fundacional e como tal:*

*Cesión de uso ao seu favor por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo dos inmobles e terreos anexos a Facultade de Veterinaria de Lugo, cuxa descrición consta na escritura fundacional, onde se localiza o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina*

*Tamén forma parte do patrimonio fundacional o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEVIOBET) construído sobre os terreos mencionado no apartado anterior.*

*O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.*

#### **Artigo 34. Adscrición do patrimonio fundacional.**

*Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.*

### **Artigo 35. Financiamento.**

*A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan de*

- *As cotas que se establezan no seu Padroado, que serán aboadas no prazo e forma que determine o Padroado.*
- *O rendemento do seu patrimonio.*
- *As axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.*
- *De cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:*
  - a) *Non desvirtúe o interese xeral dos membros fundadores.*
  - b) *Non sexa contrario á vontade fundacional.*
  - c) *Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.*
- *Calquera outro que se axuste a legalidade*

*Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.*

### **Artigo 36. Plan de actuación.**

*O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será presentado ao Protectorado, acompañado de certificación de aprobación por parte do Padroado, que fará o depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

### **Artigo 37. Orzamentos.**

*O padroado confeccionará e aprobará para cada exercicio económico un orzamento que recolla os ingresos e gastos previstos para o exercicio. A estrutura dos orzamentos axustaranse a normativa que lle sexa atinente.*

*O proxecto de orzamentos terá que ser presentado en sesión ordinaria da reunión do Padroado anterior ao comezo do exercicio económico ao que fan referencia os mencionados orzamentos.*

### **Artigo 38. Contas anuais.**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.*

*As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.*

*A memoria completará, ampliará e comentará a información recollida no balance e conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación e as variacións patrimoniais producidas. Ademais, incluírá as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, diferenciando entre gastos e ingresos e indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios/as, os convenios, que no seu caso, se asinaran con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.*

*As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno, a cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de fundacións de interese galego.*

*Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.*

### **Artigo 39. Exercicio económico.**

*O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.*

## **TÍTULO SEXTO**

### **DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

#### **Artigo 40. Modificación de estatutos.**

*Por acordo motivado de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña unha maioría absoluta legal dos membros do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.*

*Dito acordo deberá conter exposición razoada e causa determinante da modificación, o contido da modificación, os novos textos e estudo económico da súa viabilidade.*

*A modificación ou nova redacción dos estatutos deberá ser formalizada en escritura pública e inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*A modificación da nova redacción terá que ser comunicada ao Protectorado, que só poderá oporse por razóns de legalidade, nun prazo máximo de tres meses a contar desde a notificación.*

#### **Artigo 41. Fusión ou escisión da Fundación.**

*A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación. Tanto fusión como escisión realizaranse nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.*

#### **Artigo 42. Extinción da Fundación.**

*A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.*

*O acordo de extinción terá que ser adoptado, por maioría de dous terzos dos membros que a integran, polo Padroado en sesión extraordinaria convocada ao efecto.*

#### **Artigo 43. Liquidación e adxudicación.**

*A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.*

*Extinguida a Fundación procederase a súa liquidación, repartíndose o patrimonio social entre as entidades integradas nela en cantidade proporcional as súas respectivas achegas, unha vez que foren deducidos os recursos necesarios para o cumprimento de obrigas pendentes.*

*Os bens mobles e inmobles adscritos a Fundación pasarán aos seus lexítimos propietarios, pero en todo caso para ser utilizados para a docencia práctica e de investigación da Facultade de Veterinaria de Lugo.*

#### **Artigo 44. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

*Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, e liquidación será necesario o voto favorable de dous terzos dos asistentes sempre que supoñan unha maioría absoluta legal dos membros do Padroado.*

*O acordo de extinción terá que ser adoptado, por maioría de dous terzos dos membros que a integran.*

*Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.**

#### **Disposición adicional primeira.**

*O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.*

*A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.*

#### **Disposición adicional segunda.**

*De producírense modificacións estatutarias, o Padroado procederá a ditar novas normas de desenvolvemento, ou no seu caso modificar as xa existentes, para adaptalas ás modificacións realizadas.*

*Mentres non se elaboren as ditas normas de adaptación, serán de aplicación, en todo o que non contradiga os novos estatutos e a normativa vixente, as normas que foron elaboradas para desenvolver os estatutos anteriormente vixentes."*

SEGUNDO.- Proceder á exposición pública do expediente polo prazo de TRINTA DÍAS mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia para público coñecemento segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. No suposto de que non se presenten alegacións, a aprobación inicial dos estatutos considerárase definitiva sen necesidade dun novo acordo plenario, comunicándose ao Sr. Director Xerente da Fundación Rof Codina para a súa aprobación polo Padroado, formalización en escritura pública e inscrición no rexistro de Fundacións de Interese Galego.

TERCEIRO.- Facultar expresa e amplamente á Excm. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo para todo canto proceda en orde á execución e maior axilidade e eficacia do acordado.

### **MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS**



**3/3 APROBACIÓN DEFINITIVA DAS TARIFAS DE TAXIS NO CONCELLO DE LUGO.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA XEFA DE SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, do 11 de xaneiro de 2023, e que seguidamente se transcribe:

**“Antecedentes de Feito**

1.- O Excmo. Concello Pleno en sesión ORDINARIA celebrada o 26 de maio de 2022, adoptou entre outros o acordo polo que se aproban inicialmente as tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis no Concello de Lugo, do seguinte teor:

**TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas**

Baixada de bandeira	3,75 €*
Quilómetro percorrido	1,03 €
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.**

Baixada de bandeira	4,20 €*
Quilómetro percorrido	1,07 €
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)**

Baixada de bandeira	4,80 €*
Quilómetro percorrido	1,39 €
Hora de espera	26,98 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

## SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,55 €
----------------------------	--------

2.- Con data 22 de decembro de 2022 o director xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia ditou resolución pola que se autorizan a aplicación das tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi aprobadas polo Concello de Lugo, solicitando aclaración respecto de cales serían os “días laborables durante as festas de San Froilán” aos que se aplicaríaa a tarifa 2.

3.- Con data 2 de xaneiro de 2023 a Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Auto Taxi e Gran Turismo de la Provincia de Lugo, presenta escrito no que sinala que os días de aplicación da tarifa 2 durante as festas de San Froilán serán os días 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 de outubro, escrito do que se da traslado á Dirección Xeral de Comercio e Consumo o 5 de xaneiro de 2023.

**En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:**

PRIMEIRO: Aprobar, definitivamente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

### TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	3,75 €*
Quilómetro percorrido	1,03 €
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

### TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán (días 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 de outubro) de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,20 €*
Quilómetro percorrido	1,07 €
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

### TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,80 €*
Quilómetro percorrido	1,39 €
Hora de espera	26,98 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

### SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,55 €
----------------------------	--------

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2022, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado do acordo de aprobación definitiva das tarifas de taxi á Asociación Profesional de Trabaxadores Autónomos de Autotaxi y Gran Turismo de la Provincia de Lugo así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, emitido na sesión celebrada o día 19 de xaneiro de 2023.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

### Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar, definitivamente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

### TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	3,75 €*
Quilómetro	1,03 €

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

percorrido	
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán (días 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 de outubro) de 6 a 22 horas.**

Baixada de bandeira	4,20 €*
Quilómetro percorrido	1,07 €
Hora de espera	19,71€

\*1.700 m ou tempo equivalente

**TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)**

Baixada de bandeira	4,80 €*
Quilómetro percorrido	1,39 €
Hora de espera	26,98 €

\* 1.700 m ou tempo equivalente

## SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,55 €
----------------------------	--------

SEGUNDO.- A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2022, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo de aprobación definitiva das tarifas de taxi á Asociación Profesional de Trabaxadores Autónomos de Autotaxi y Gran Turismo de la Provincia de Lugo así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## PROPOSICIÓNS

**4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 15/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR DE CONTINUIDADE URBANA Á RÚA 8 DE MARZO (Exp. 2023/G004/000030).**

Vista a devandita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada na Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial, celebrada o 20 de xaneiro de 2023, expresiva do seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El desarrollo urbano implementado en los últimos años en la zona de Garabolos concretamente entre la Avenida de A Coruña y la avenida Infanta Elena convierte a esta zona en un polo de crecimiento que sin duda está llamado a jugar un papel importante en el futuro de nuestra ciudad. Esta urbanización, colindante con varias áreas comerciales, cuenta además con numerosos equipamientos públicos, como pistas deportivas, el skatepark municipal, otros complejos municipales, como el CEI-Nodus o el conocido como edificio Impulso Verde, una escuela infantil o el parque Paulo Fabio. El uso de esta urbanización dista mucho de encontrarse al máximo de su capacidad, pero no obstante es frecuentado ya por muchos lucenses que utilizan estos equipamientos públicos de diversa índole en sus quehaceres cotidianos. Vertebrada por la avenida Paulo Fabio Máximo, su segunda vía de mayor capacidad y pilar en la distribución del tráfico central es la calle 8 de Marzo. Sin embargo esta calle constituye a día de hoy un gran tapón urbanístico, lo que supone una limitación a la iniciativa inmobiliaria y limita la funcionalidad de todo el área.

Se trata de un vial cortado y bloqueado que no debería tener la ejecución existente, puesto que no se conecta con el resto de trazado urbano como estaba planeado. S trata de dos sectores distintos ya desarrollados, en los que las obras de urbanización, parece, han sido recibidas por este Ayuntamiento, en concreto el sector UZP7R el cuan se encuentra ejecutado en su totalidad y el sector URPI7 (N1N2) el cual en su confluencia con el anterior en la calle 8 de Marzo no está finalizado. Por razones incomprensibles se ha generado un resultado final que obviamente no es el previsto por el planeamiento sino un desaguisado que impide transitar a los vehículos y genera incertidumbre sobre la funcionalidad futura como espacio operativo en una futura zona residencial.

Los taponos urbanísticos son un lastre para el desarrollo urbano de Lugo que este Gobierno local ha decidido ignorar al no consignar ni un solo euro en este mandato para solucionarlos como así constató en el pleno ordinario correspondiente a diciembre de 2022 el concejal responsable de área, Álvaro Santos. La mayoría de este tipo de taponos en nuestro entramado urbano se corresponden a desarrollos inconclusos de finales del siglo XX. Sin embargo, el problema que nos atañe hoy es relativo a una urbanización actual. Lo que es imperdonable y debería animar al Gobierno local a exigir responsabilidades y buscar soluciones.

Solucionar la falta de continuidad en la vía 8 de Marzo no es una cuestión que beneficie solo al tráfico rodado, sino que apareja beneficios para el desarrollo inmobiliario y mejora la calidad de vida de los ciudadanos al abrir espacios públicos que trasforman los itinerarios peatonales y abren una oportunidad para la iniciativa privada con la consecuente generación de riqueza.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Ciudadanos Lugo presenta al Pleno de la Corporación para su debate y, si procede, aprobación, el siguiente,

### ACUERDO

ÚNICO.- Instar al Gobierno Municipal a realizar todas las acciones oportunas y necesarias para lograra la continuidad urbana en la calle 8 de Marzo para garantizar la funcionalidad de la urbanización en al que se encuentra.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

Instar ao Goberno Municipal a realizar todas as acciones oportunas e necesarias para lograr a continuidade urbana na rúa 8 de Marzo para garantir a funcionalidade da urbanización na que se encontra.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos entón o debate da proposita. Tres minutos para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Hola. Buenos días y muchas gracias. Bueno, hoy el Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo trae a pleno una propuesta que tiene que ver con mejorar una zona que de por sí ya tiene cierto potencial. Estamos hablando de estas parcelas o de estos sectores que están en las inmediaciones, entre lo que viene siendo el LIDL y lo que viene siendo el centro comercial de As Termas. En este trazado urbano, entendemos que bien diseñado, en cuadrículas, donde se presta a hacer un desarrollo urbano adecuado y en el que Lugo puede crecer de una forma próspera y ordenada, como decimos, creemos que no tiene cabida el hecho de que haya este punto que nosotros denunciamos. Es un punto bastante particular porque supone que, en pleno trazado urbano, en la intersección de dos calles, que deberían estar unidas como un cruce cualquiera, sin embargo, hay una acera, está cortado por una acera y se interrumpe esa calle.

La verdad es que la foto aérea que se puede ver en cualquier herramienta de las actuales, vemos que, efectivamente, esta interrupción del trazado no tiene ningún sentido y que, efectivamente, es un tapón para el desarrollo de esa zona e impide la salida de los coches.

Creemos que esta situación se debe, para situarnos, para referenciarlo, hablamos de dos sectores que están desarrollados en el polígono. Un sector que se desarrolló por el Instituto Galego da Vivenda e Solo y otro sector que se desarrolló por la iniciativa privada.

Estos dos sectores, cando finalizaron, efectivamente, fueron recepcionados por el Ayuntamiento de Lugo, sin embargo, entendemos que, por un error, donde se juntan estas dos líneas en la calle 8 de Marzo, las dos líneas que separarían los dos sectores, se hizo en un de los sectores un desarrollo solo de ese sector, lo que viene siendo un desarrollo adicional, y en ese desarrollo entendemos e insistimos que por error se incluyó parte de ese trazado urbano como si fuese zona verde. En el planeamiento general no viene como zona verde, sin embargo en este desarrollo sí que viene como zona verde.

Entendemos que es un error de interpretación y, sobre todo, entendemos que la única posibilidad o el único que ahora mismo tiene legitimidad para arreglar esta situación es el Consello de Lugo.

Por eso, esta propuesta de que efectivamente se lleven a cabo todos los trámites necesarios para poder modificar, o adaptar, o arreglar esta zona, y que sea como efectivamente se previó en el PXOM. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, o concelleiro de Infraestruturas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Pois, efectivamente, xa dixo vostede todo. Estas eran dúas dotacións de antes do actual PXOM, que se desenvolveron independentemente unha de outra, e efectivamente cando se remataron non quedaron unidas nese punto.

O actual PXOM xa contempla que si que se unan e, polo tanto, vanse unir. Se xa está consolidado, farase de maneira inmediata, se hai que facer algunha modificación urbanística para ver se manda máis o PXOM ou ao ser unha incorporación dun planamento anterior, que hai que incorporar ao novo PXOM, pois igual hai que facer algunha modificación urbanística, pero que é rápida, fácil de facer e que se arregla con este novo PXOM sen ningún problema.

Polo tanto non vemos moito máis a debate que ver que é razonable, que hai que facelo así. Ten as súas razóns técnicas porque está así e aí temos planeamento e temos ferramentas para solucionalo dunha maneira normal e legal.

Entón non vexo moito máis debate. Dende logo imos votar que si con toda normalidade. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Partido Popular.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Moitas grazas. Xa no pleno de marzo de 2022, así coma no de decembro de 2022, hai un mes. O noso grupo trouxo aquí o asunto dos tapóns urbanísticos e, vostedes, señores do goberno, votaron en contra. Realmente non é exactamente un tapón, xa o sabemos, pero volvendo ao plantexamento do debate e dado que vostedes xa anunciaron o mes pasado e vendo que nos orzamentos que non hai nin un só euro dedicado a solucionar o tema dos tapóns, pois o debate dos tapóns propiamente ditos estaría nunha fase estéril.

Xa sei que isto é máis ben rematar o trazado dunha rúa que non ten continuidade, comunicala con outra, para darlle sentido a este viario, e que non sexa soamente un aparcamento, que é o que ocorre agora mesmo, xusto nun sitio da cidade onde non fai falta ningunha.

Imos votar a favor. Se falamos de tapón ímoslles lembrar unha vez máis, despois de moito insistir o próximo plantexamento de obras que se faga neste Concello, veremos por parte de quen, esperemos que non sexa por vostedes, que non se esquezan dos tapóns en Escultor Asorei, en Ramos Misioné, no Camiño de Pipín, no Camiño de Frías e na avenida de Vilaverde, entre moitos outros, que están obstaculizando o desenvolvemento da nosa cidade. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Efectivamente, a colación de lo que ha dicho el representante del Partido Popular, donde menciona uno de los taponos urbanísticos, en concreto el de la avenida Cidade de Portugal, es una propuesta que fue de este grupo, no es un mal momento para... Porque aquella propuesta se nos votó en contra, porque se dijo que se estaba trabajando en ella. Entonces no es un mal momento para recordarla y rescatarla porque sería una manera de dinamizar aquella zona y de darle salida a todo Fontiñas que, como sabemos, es casi un tapón constante.

Y respecto a la propuesta de hoy, simplemente matizar, o sea, simplemente advertir una circunstancia que creo que puede ser importante a la hora de resolver el tema, aunque considero que es una cuestión especialmente técnica.

Pero lo curioso de esto, es importante saberlo, es por qué se dio. Y esto se da porque se planea el PXOM, pero antes de que sea firme el PXOM, de que sea definitivo, se incorpora un plan, un planeamiento. Y entendemos que el error estuvo en ese planeamiento incorporado, porque lo normal es pensar que ese planeamiento incorporado es posterior al PXOM, pero no fue así. Se quiso desarrollar eso, lo cual parece razonable. Y es en ese planeamiento incorporado, que no en el PXOM, donde se incluye una esquina de esa calle como zona verde.

Entonces nosotros entendemos que sé que va a haber en el seno del Ayuntamiento debate interpretativo, incluso alguno ha llegado a pleno, por eso nos adelantamos a que la interpretación debe ser que lo que contiene el PXOM está por encima en ese



planeamiento incorporado porque claramente tenía un error. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Nada, pois pouco máis que dicir, non? Que xa sexa de xeito inmediato, a través de calquera instrumento de planeamento, que o hai. Non vai haber grandes debates. O instrumento de planeamento que sexa... Pois que se vai facer. Simplemente iso.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Grazas. Eliminar tapóns urbanísticos é un tema de seguridade, desde logo. Xa que falamos de seguridade, quérome referir directamente á señora alcaldesa como máxima responsable da seguridade da nosa cidade e que nos explique, se fai o favor, nesa quenda libre de que dispón vostede habitualmente que medidas vai tomar este concello ante as espeluznantes imaxes que todos vimos esta fin de semana, xusto no centro de Lugo, ao lado da Catedral, cun combate de boxeo increíble, así como os sucesos ocorridos no Camiño Real. Hoxe a prensa reflicte ambos sucesos, con destrozo de dous coche nun posible axuste de contas, no meu querido barrio da Milagrosa. Quérolle preguntar se ese é o Vancouver co que vostede soñaba. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o grupo propoñente. Trinta segundos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Nada, simplemente agradecer que efectivamente se acoja a esto. Y sí incidir en el hecho de que eso de "no sabemos cuándo", si fuera antes que más tarde, sería perfecto. Nada, pues muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois imos votar a proposta que conta, polo visto, con unanimidade do pleno. E imos ver se se ratifica así.

**5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 16/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DINAMIZAR A ACTIVIDADE DE LOCAIS COMERCIAIS NA CIDADE (Exp. 2023/G004/000031).**

Vista a antedita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Cohesión e Dinamización Social, celebrada o día 19 de xaneiro de 2023, e que é do seguinte teor:

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

### “Exposición de motivos:

A cidade de Lugo sofre o que se ven en chamar a epidemia das persianas pechadas. Cada día podemos comprobar como un local pecha as súas portas, cesando na súa actividade e, como consecuencia, perdendo empregos. E isto está a acontecer nos distintos barrios da cidade, que van perdendo poboación e tecido económico. Centenares de locais con carteis de se aluga ou simplemente pechados, non só no casco histórico, senón en situacións periféricas da cidade ten como consecuencia un impacto desastroso tanto para as actividades que continúan como para a zona, que se deprecia e degrada cada vez máis se non se trata de pórle remedio.

Cando unha área comercial urbana non é capaz de ofrecer aos seus clientes potenciais unha oferta variada de empresas comerciais que dean resposta as súas necesidades ou demandas, o que se consegue é que se despracen a outras áreas comerciais a facer as súas compras.

E se hai actividade, hai vida. Hai locais que levan tantos anos pechados que xa nin lembramos que uso tiveron no seu momento. Calquera de nós, na súa zona de traballo ou de ocio, pode comprobar esta situación, xa que é unha evidencia para todos os nosos veciños e veciñas. Pero non podemos permitir que isto siga sendo o habitual. É preciso tomar medidas que lle de a volta a esta situación, como mostra tamén dun compromiso firme no apoio ao comercio de proximidade.

Non hai unha única razón que explique os motivos de tantos peches e persianas baixadas; teñen sido e son moitos os motivos: a implantación de áreas comerciais que conteñen un amplo abanico de ofertas comerciais e de ocio; os prezos imposibles de asumir en determinadas zonas da cidade para un novo emprendedor que decide alugar un local; as dificultades burocráticas que se atopan en materia de urbanismo e licenzas ou a inexistencia de axudas que lles dean un primeiro impulso á hora de iniciar unha nova actividade.

Pero tamén é posible desde esta administración poñer en marcha actuacións que minimicen os efectos negativos desta situación.

De aí que sexa imprescindible poñer en marcha un programa para incentivar o uso ou aluguer destes espazos; un programa con medidas concretas, que parta, en primeiro lugar, da elaboración dun censo de locais baleiros na cidade, coa finalidade de coñecer a magnitude deste problema e tamén para coñecer as súas distintas situacións e, en colaboración coas empresas e profesionais inmobiliarios e particulares interesados, se poida favorecer, co Concello como intermediario y dinamizados, a súa comercialización e posta no mercado, así como identificar os principais problemas que dificultan a súa venta ou aluguer.

En segundo lugar, para incentivar que se inscriban neste censo, desde o noso grupo consideramos que é preciso ofrecer vantaxes tanto aos propietarios como aos emprendedores ou entidades que deciden comprar ou alugar un dos locais que aparecen neste censo municipal. Por unha parte, os propietarios poderían contar con un seguro integral fronte a impagos e unha bonificación fiscal no IBI. E os inquilinos ou compradores terían unha axuda municipal para sufragar o custe do aluguer durante o primeiro ano e para a reforma do mesmo, en caso de

mercado en propiedade.

Dentro dese programa concreto, pódense plantexar distintas e diversas medidas, pero todas elas cunha finalidade clara: ir mudando un aspecto da nosa cidade que precisa do apoio e da intermediación desta administración, co traballo coordinado das distintas áreas municipais implicadas, tales como a de desenvolvemento local, a económica e tamén a urbanística.

Do que se trata é de dar unha resposta e unha solución a un problema existente: locais baleiros e pechados, moitos deles desde fai moito tempo, repartidos por todos os barrios da nosa cidade, algúns en zonas que se degradan día a día e outros en eixes comerciais que precisan un impulso para recuperar actividade económica.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Elaboración dun censo municipal de locais baleiros da cidade, en colaboración con empresas ou profesionais inmobiliarios e particulares que teñan locais para alugar ou vender e estean interesados en poñelos no mercado. A este censo se terá acceso desde a páxina web onde se poderán consultar as súas características: situación, metros cadrados, venta o aluguer, custe...

2. Os locais inscritos neste censo contarán con vantaxes para os propietarios tales como ter un seguro integral para impagos en caso de aluguer e unha bonificación fiscal no pago do IBI do local. Do mesmo xeito que os que aluguen ou merquen conten con axudas para o pago do aluguer durante o primeiro ano e para a reforma necesaria en caso de mercado. O goberno municipal creará unha partida orzamentaria específica para estas medidas.

3. Impulsar un proxecto para intervir esteticamente sobre escaparates dos locais comerciais, co fin de ofrecer un aspecto atractivo mentres permanecen pechados.

4. Facilitar que os locais baleiros poidan albergar usos esporádicos relacionados con eventos ou actividades diversas que poidan dinamizar e influír de xeito positivo no seu entorno.

5. Estudiar a posibilidade de modificar a actual normativa urbanística para facilitar outros usos definitivos dos locais, como a transformación en vivenda, sempre que cumpra coas condicións esixibles para esta finalidade."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 25**

- |                           |    |  |
|---------------------------|----|--|
| - <b>Votos a favor:</b>   | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.                               |
| - <b>Votos en contra:</b> | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - <b>Abstencións:</b>     | 0  |  |

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos novamente con Ciudadanos como grupo propoñente. Tres minutos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitos bos días a todos e a todas. Pois a crise da Covid mudou moitos dos nosos hábitos e tamén configurou unha nova realidade en amplos sectores, tamén no económico e no particular tamén no comercial.

En lugar de presenciar estes novos cambios de forma impasible, como se fose unha situación de non retorno, nós estamos convencidos de que é o momento de plantexar novas estratexias, sobre todo para un sector tan importante para a nosa cidade, que xa leva anos adocendo de situacións adversas, que lles obriga continuamente a reconverterse.

Nós cremos que polo menos hai que intentalo.

A actividade comercial é fundamental para o desenvolvemento económico da nosa cidade, e resulta imprescindible promovela, reforzala e impulsar accións innovadoras que repercutirán de xeito beneficioso no conxunto da cidadanía. Pero tamén as nosas rúas serán máis vivas e dinámicas, fomentando espazos de espacemento e de relacións sociais e económicas.

Hai locais que precisan actividade e hai persoas que precisan espazos para desenvolver as súas actividades. Do que se trata é de pórlo máis doado. De aí que presentemos esta proposta para tratar de darlle solución a un dos problemas habituais cos que convivimos: a existencia de numerosos locais baleiros. Deste modo esta administración será un pilar fundamental para as persoas traballadoras, para a pequena economía e as empresas e, por suposto, contribuír a xerar novas oportunidades de emprego.

Un primeiro paso é elaborar un censo destes locais, algo que xa se falou en 2019, incluso se fixo unha proposta de gasto, pero que nada se soubo sobre isto e que, ademais, hoxe xa estaría absolutamente desfasado.

Isto permitirá, por una parte, coñecer de primeira man cales son as problemáticas que se atopan á hora de alugar ou mercar un local, pero tamén por outra porque se pon en marcha unha ferramenta que dea oportunidades a quen queira emprender ou iniciar unha nova actividade co apoio desta administración, e que tamén beneficie aos propietarios dos mesmos para que teñan un incentivo para a poñelo no mercado.

Coa administración como intermediaria, trátase de favorecer a información, a comunicación e a interacción entre as dúas partes, que contarán cunha coordinación entre as áreas municipais, que interveñan en todo o proceso, para que o inicio da actividade sexa máis doado e non se converta nun suplicio burocrático.

Tamén é posible utilizar o local como un instrumento publicitario, intervindo esteticamente sobre os mesmos ou para albergar algún uso esporádico, como unha exposición ou outro tipo de actividades para que sexan máis atractivos e inflúan positivamente no seu entorno. Así tamén se lles dá visibilidade e permite comprobar as posibilidades que ten.

Noutras cidades xa se están a facer cambios normativos tamén en materia urbanística para permitir que se lles poida dar outras utilidades, como incluso a súa transformación en vivenda, opción que nos parece que pode ser perfectamente realizable na nosa cidade, sempre que cumpra o espazo cos requisitos imprescindibles para ese cambio.

Con todas estas medidas evitaremos a influencia negativa que afecta a rúas e barrios, que ven como o incremento de tantos locais e dá unha mala imaxe da zona, e tamén porque se poderá conseguir un mantemento en condicións dos mesmos, evitando a sucidade e o seu deterioro que tanto afea á imaxe da cidade.

E por outro lado, estaremos poñendo a disposición de todos aqueles que queiran emprender ou iniciar unha actividade comercial contar con máis incentivos para dar o paso.

Nós propoñemos unhas serie de medidas que son un punto de partida para tratar de darlle a volta a unha situación que repercute non só economicamente na cidade, senón tamén esteticamente.

**LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Goberno, a concelleira de Desenvolvemento local.

- **ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bo día a todas e a todos. Entendendo a filosofía da proposición de Ciudadanos, desde este Goberno levamos traballando a cotío para minimizar eses efectos da pandemia e adaptándonos ás novas demandas sociais, e neste caso económicas. Tanto a nivel de dinamización, no apoio aos axentes económicos do municipio, como das persoas que máis padeceron esta crise sanitaria.

Mostra diso son as actividades levadas a cabo dende o primeiro momento... Fomos o primeiro Concello en actuar e en aplicar estas medidas, que favoreceron aos sectores motores económicos lugueses, e que significa o gran compromiso que este goberno ten co comercio de proximidade e tamén coa hostalería.

As razóns de peche, tal e como manifestan na proposición, son multifactoriais. Tal e como se establece tamén no estudo, que si se realizou, e diagnóstico por barrios da situación do comercio e do mercado, onde tamén se incluíron as características dos distintos locais baleiros, así como as casuísticas, como localización, tamaño, prezo, arrendamento, venda, así como outras problemáticas inmobiliarias que afectaron á raíz da crise sanitaria e da Covid-19.

Polo tanto, este goberno xa vén traballando desde setembro de 2020 nesta materia. Tomáronse decisións neste censo, ademais dos plans Reanima, de todos os conocidos: Reanima 1, onde se investiron 5 millóns de euros, 4 para o impulso da economía e 1 para temas de conciliación. Beneficiaron se máis de 3.500 persoas con ese impulso da actividade económica para paliar os efectos da Covid.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

En abril de 2021, o Reanima 2, máis dun millón de euros, como se comprometeu, do orzamento municipal, para tamén seguir paliando esta situación.

A Mesa de Diversificación Industrial, onde quixemos ser partícipes, xunto cos axentes dos sectores de servizos, que nese momento nos podían falar da situación real, tamén se seguiu traballando. Esa mesa de diversificación que está na Estratexia de Lugo Transforma, onde o Concello de Lugo investirá 12 millóns de euros.

Co programa Lugo Capital, con Localmente Lucense, onde se encheron de vida os distintos barrios, onde se proporcionou formación, onde se dinamizou o comercio de proximidade e a hostalería, onde se favoreceu o emprego, a inversión local, así como o consumo.

E seguimos traballando tamén dende o CEI Nodus neses proxectos de coworking que permitiron que 20 empresas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Este pleno vén sendo un constante déjà vu. A oposición vese obrigada a recordalle constantemente a este goberno que realicen o que é importante para a cidade.

Hoxe de novo, o Grupo Municipal de Ciudadanos trae a pleno unha proposición que, xa en febreiro do 21, o Grupo Municipal do PP levou como a un rogo á Comisión de Contas. Que é perfecta para esta intervención. Polo tanto, lereina.

Rogo do Grupo Municipal, número 41/2021, do Registro de Pleno, que di o seguinte:

"A crise que estamos a padecer nos últimos tempos levou a moitos negocios de comercio e a hostalería a votar a reixa. É por isto que o Grupo Municipal do Partido Popular presente anta a Comisión correspondente o seguinte rogo, para que o equipo do Goberno realice unha batería de medidas para estes negocios e outros que se atopan nunha situación límite.

Grandes recuperacións estéticas en zonas onde hai unha maior concentración de locais baleiros, coa bonificación do IBI para propietarios de locais pechados, que cedan os seus escaparates para que o Concello coloque vinilos que promocionen o consumo local e tamén sirvan para potenciar os recursos turísticos do municipio.

En definitiva, mellorar a estética das rúas de Lugo e facer dos barrios zonas que invitan a pasear.

Axudas ao aluguer de locais comerciais destinadas a actividades relacionadas co comercio polo miúdo, hostalaría ou empresas de servizos dirixidas ás persoas.

Liña de incentivos para a conservación e mantemento de comercios emblemáticos e incentivos para a transformación dixital do comercio local, reforzando a competitividade de autónomos e empresas comerciais da cidade.

Tambén pode poñer a disposición destes autónomos e empresas o centro de novas tecnoloxías da Casa do Consello para desenvolver formación on line a ditos sectores. Programa de axuda á tradución ao inglés ou outros idiomas necesarios

das páxinas web das Pemes, mellora do sistema do aparcamento e accesibilidade en zonas comerciais, revisión de zonas de carga e descarga, especialmente no casco histórico, etc."

Está aí para vela na acta. Á cal, a concelleira do goberno, dona Paula Alvarellos, contesta que se tomará en consideración.

Como podemos comprobar, se o ten que volver a pedir o grupo de Ciudadanos, quere dicir que se tomou en pouquinña consideración.

É verdade que o de pequeno ou grande vai segundos ollos que o miren, non si?

O problema é que seguen cerrando negocios. Cada vez hai máis locais baleiros, tanto no centro como nos barrios ao longo de toda a cidade. A pregunta é que fan por Lugo? Malgastar cartos en proxectos que ninguén pide? Caldas de auga da billa; edificio Impulso Verde, que aínda non sabemos para que se vai utilizar; carril bici, que lle van ter que poñen unha cuberta, é unha idea, para que se utilice os nove meses de choiva que hai en Lugo, estamos vivindo en Lugo... En fin, millóns de euros que serían moi necesarios para non deixar a ninguén atrás, pero vostedes só o usan para que lles faciliten esas magníficas fotos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Abeilleira, eu entendo que vostede queira vir aquí a falar do seu libro, pero eu o que lle pediría é que falásemos da proposta que estamos a debater.

Nós en ningún momento, nin na nosa moción nin na nosa argumentación, puxemos en dúbida nin criticamos, nin valoramos as accións que vostedes, e vostede en concreto, como responsable do desenvolvemento local, están a levar a cabo. Nós do que falamos, á doutras propostas concretas para darlle solución a un problema que existe, que non so é Lugo, que é común a moitas outras cidades, pero concretamente na nosa cidade non se está a facer nada en concreto para tratar de darlle solución. Que ao mellor non se consegue, pero que se non o intentamos seguramente teremos moitas máis posibilidades de equivocarnos.

Non nos dixo nada daquela proposta de gasto de case, xusto, 18.000 euros que se fixera no 2019 para facer un censo de locais, porque naquel momento a vostedes si que lles parecía unha boa idea. Pero nunca máis se soubo. Non sabemos, agora mesmo estaría desfasado porque foron moitos máis os locais que... outros iniciaron a actividade e outros pecharon e habería que facelo de novo. Sobre todo platexalo para que fose accesible de forma telemática, para que fose moito máis útil, tanto para propietarios como para empresas inmobiliarias que teñen locais, como para interesados.

O que vostedes están a facer é a súa decisión e son medidas que vostedes cren nelas. Nos o que poñemos enriba da mesa son outro tipo, que seguramente poden ser melloradas, ampliadas, modificadas, pero o caso é tratar de facer algo para paliar esta situación.

Porque si que nos costarán cartos e teremos que dotar dunha partida orzamentaria para facer isto, pero o seu retorno económico para o conxunto da cidadanía creo

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

que valerá a pena. Polo menos, digo, o que non se pode facer é non facer nada e si cousas que benefician a todos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do goberno.

- **ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moi ben, co que antes sinalei, investíronse dende o Consello de Lugo máis de 20 millóns de euros, coa implicación de todas as concellerías e todas as áreas que esixiron os distintos procedementos.

Mentres a Xunta de Galicia, que é quen ten competencia, devolveu 5 millóns de euros, o goberno do señor Rueda, daquelas subvención dadas polo goberno de España.

E este goberno seguirá traballando e tomando decisións, valorando as fortalezas e as capacidades locais a través, por exemplo, do coworking; minimizando as debilidades causadas pola crise sanitaria, como se fixo xa investindo máis de 6 millóns de euros de subvencións directas, aproveitando as oportunidades con ese investimento en capital risco, a través do Lugo Transforma.

E suavizando as ameazas, que cremos que son as funcións que ten que facer este goberno local e, nese caso, se traballou co Localmente.

E seguiremos traballando, adaptándonos a esas necesidades en base aos estudos que si se fixeron xa dende o 2020.

Pero entendemos a filosofía, pero tamén entendemos a dubidosa adaptación legal dos plantexamentos que se establecen na proposición, nos puntos de acordo, e entendemos que deben ser estudados máis polo miúdo.

Compartimos o do censo, o das subvencións o da posta a disposición de locais e as vantaxes para ambas partes, pero dubidamos sobre os varios usos esporádicos, os seguros, a modificación normativa e...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Á vista está que se hai gastados 20 millos de euros, ao mellor o problema é que non é cuestión de cantidades, senón da boa xestión deses cartos.

Voulles lembrar a outra intervención do pleno de marzo de 2021, da proposición de rexistro de empresas, na que lles comentaba que fixesen memoria porque había poucas semanas que este mesmo grupo alzaba a voz de alarmante ante o constante peche de negocios.

De feito, percorremos as principais rúas comerciais da cidade e constatamos que o 40% dos locais comerciais do casco histórico e das principais rúas comerciais de Lugo estaban fechados.



Que fixo o goberno local dende aquela? Buscar escusas e culpar a outras administracións? Pois está hoxe aquí o exemplo de que se volva a culpar a outra administración.

Por iso lles propuxemos un plan no rogo da Comisión de Contas.

Tamén para axudar a estas pequenas empresas en febreiro do 21 propuxemos como rogo na Comisión de Promoción de Emprego que o equipo de goberno potenciase a Mesa Local de Comercio, para que funcione como canle eficaz de intercambio de información e propostas co representantes do comercio.

Poden axudar ao pequeno comercio de moitas diversas maneiras, xa que a Administración local como a Administración máis próxima ao cidadán ten que estar aí para dar unha resposta áxil, de non prestar a súa axuda o que están é a seguir condenando a que as rúas desta cidade sigan a degradarse pola imaxe de ducias e ducias de locais comerciais pechados. Moitos deles xa durante moitos anos, que o único que conseguen é degradar contornas comerciais agradables e que non hai moito tempo congregaban centos de lucenses.

Con todo o exposto con anterioridade, está claro que o Partido Popular vai apoiar esta proposición, porque sempre apoiaremos calquera.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o grupo propoñente.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Supoño que o que se está a facer noutras cidades, froito de estratexias específicas, pois rozan a ilegalidade, como vostedes quere facer porque lle xeran moitas dúbidas. Vemos que nós somos moi normativos.

O que non entendo é que se lles gusta a proposta e queren mellorala, por que non a emendan? Porque o único que non se pode facer para solucionar un problema concreto, como xa lle dixen é non facer nada.

E isto é o que están a facer vostedes neste problema e para darlle unha solución concreta a algo que existe e que todos coñecemos cando paseamos pola nosa cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Pois moitas grazas. Creo que aquí tamén estamos ás veces confundindo termos. Nós non botamos a culpa a ninguén, esiximos a quen ten competencias, que é unha cuestión tremendamente distinta e diferente.

E o feito que sexamos a administración máis próxima non nos atribúe as competencias. E nós non temos ningún problema en asumilas, pero o que pedimos por parte da Xunta de Galicia son recursos para poder realizalas, máxime, como lle dixen a portavoz, que a Xunta de Galicia está devolvendo fondos á Unión Europea cando non nos deu nin un só euro para este fin, a pesar de ter as competencias.

Eu creo que a responsabilidade tamén pasa en parte por esixirille a quen ten as competencias que as exerza e, de non poder exercelas ou non querer exercelas,

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

que, cando menos, nos dote de recursos para si poder traballar nós como estamos a facer, e como xa se demostrou.

E seguiremos apoiando o comercio local por ser un piar fundamental no noso sector económico e na aportación ao PIB e a creación de emprego.

**6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 17/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE APROBE DE XEITO URXENTE A TRAMITACIÓN DO PXOM QUE XA CONTA CO INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2023/G004/000032).**

Vista a devandita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial, celebrada o 20 de xaneiro de 2023, e que seguinte se transcribe:

“Dende o ano 1998 que se deron os primeiros pasos na elaboración do PXOM, segue a ser, tras 25 anos, unha materia pendente para o goberno local da cidade de Lugo.

Foi na década do 2000 cando o Partido Popular fixo unha importante labor de divulgación deste documento chegando a numerosos veciños dos diferentes barrios da nosa cidade. Dende as primeiras votacións, aló polo ano 2011, o GMPP votou a favor dun plan que non era o idóneo para Lugo pero sempre ca premisa de que era mellor ter un mal plan que non telo.

Transcorreran 11 anos máis para que o Concello de Lugo se tomase en serio este documento e retomase a súa tramitación. Por fin, en xuño de 2022, levouse a pleno a aprobación do 5% pendente para o cal o PP votou a favor e dentro do prazo correspondente, en setembro de 2022, a Xunta daba o visto bo e facía que o PXOM estea só pendente de que o goberno municipal teña a intención de aprovalo de xeito definitivo, culminando a tramitación e levando a pleno a súa tramitación definitiva para que estea completo e sexa unha realidade para os veciños.

Lugo leva moitos anos cun PXOM parcial, cun 5% pendente, o que obriga a remitirse ao plan xeral antigo e a normas subsidiarias deixando aos propietarios de 1.100 hectáreas distribuídas por todo o municipio nun limbo de incertezas administrativas e sen capacidade para o desenvolvemento económico. Teñen transcorridos catro meses desde que se recibise ese informe favorable da Xunta de Galicia, tempo suficiente para que o goberno dea por rematada a tramitación deste documento e Lugo poida contar un PXOM que afecte á totalidade da superficie do municipio.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que o Goberno municipal acometa de xeito urxente os trámites precisos para a aprobación definitiva do PXOM de Lugo que xa conta co informe favorable da Xunta de Galicia.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

### **DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tres minutos para o portavoz do Partido Popular, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Corría o ano 1998 cando se comenzaba a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Estamos a 26 de xaneiro de 2023, case 25 anos despois, e, por desgraza, non cambiou demasiado isto, porque segue sen estar aprobado definitivamente este Plan Xeral.

Outro récord acadado pola administración ou o goberno de Lara Méndez, como o adoitan chamar nas notas de prensa.

Dende 2011, dende o Partido Popular estamos demostrando a nosa vontade de colaboración. De feito, votamos a favor deste Plan Xeral.

Non era un bo Plan Xeral, non era o noso Plan Xeral, pero é mellor que non ter nada. E no 2011 votamos a favor, os seus socios de goberno non, e fixemos tamén unha labor de aportación moi importante durante todos estes anos.

Sabíamos que a documentación era deficiente e así nolo dixó o 29 de abril de 2011 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Díxoo o 29 de abril e intentaron corrixir a documentación do 2012. No 2013 volvéronlles dicir que seguía exactamente igual esa documentación e volveron emitir un novo requirimento, 16 de abril de 2013, e así ata 2020, que intentaron enganarnos cando aprobaron o estudo hidrolóxico, dicíndonos que esta xa era a aprobación do Plan Xeral, do 5%. Mentira.

Pintaron os ríos, que era unhas das partes lles pedían, pero seguíamos sen ter ese estudo necesario para o 5%.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

De feito, o 15 de outubro de 2020, vólvenlles reclamar a mesma documentación. Ata o 17 de xuño de 2022, que de repente si que trouxeron a documentación a este Pleno, dándonos, por certo, dous días para estudala. Nesa data, quedou sobre a mesa a aprobación do Plan Xeral, pero a responsabilidade do Partido Popular fixo que o día 23 de xuño de 2022 se aprobase neste mesmo salón de Plenos.

De novo demostramos dende o Partido Popular que poñemos por riba os intereses dos veciños de Lugo por enriba dos intereses do noso partido político.

Unha pena que dentro deste bigoberno de perdedores que están dirixindo o Concello de Lugo non pensen igual, porque o vicealcalde e os seus concelleiros votaron en contra.

Para poñerse de acordo para repartir asesores, moqueta e cargos non tiveron ningún problema, agora cando se trata de desbloquear o Plan Xeral, parece que claramente non foron capaces de poñerse de acordo.

O seguinte capítulo ven o 21 de setembro de 2022, cando a Xunta de Galicia dá visto bo, co seu informe, a esa aprobación inicial do 5% do Plan Xeral.

21 de setembro de 2022, e o único que lles dicían era que tiñan que incorporar un plano que se esqueceran e completar unhas indicacións que lles deran na Confederación Hidrográfica, pero que a Xunta de Galicia xa non tiña que volver a tocar nada, nin lle tiñan que volver a enviar documentación.

A propia conselleira o dixo así publicamente. Nin sequera tiña que responder á Xunta. Varios meses despois seguimos exactamente igual. E xa o dicía o señor Santos, e eu coincido coa intervención que fixo aquel día. Esta situación de incertidume, incerteza e inseguridade provoca indefensión para os lucenses.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas... A portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Xullo de 2020, o goberno municipal anunciaba que o PXOM estaba a un paso de entrar en vigor ese mesmo ano. Hoxe, en xaneiro de 2023, seguimos esperando.

Todo un tempo no que a inseguridade xurídica seguiu presente nos ámbitos afectados, á espera da dilixencia e a axilidade das administracións implicadas na súa resolución. Mais dunha década é o que se leva esperando pola aprobación definitiva total deste PXOM, un plan que, como xa reiteramos en múltiples ocasións, non é acorde á realidade actual da cidade, que non compartimos. Polo que resulta imprescindible comezar a traballar na súa revisión.

Algo que, de verdade, parece absolutamente irrealizable se porque para dar fin ao 5% pendente levan vostedes máis de dez anos, pois isto é o que hai.

Un ritmo que frustra calquera esperanza de avance en materia urbanística da cidade. En setembro do ano pasado, a Xunta anunciaba o informe favorable a expensas do cumprimento esixido pola Confederación Hidrográfica e descoñecemos por que aínda non se ten avanzado na súa tramitación para pór fin a esta historia interminable.

E sabendo do compromiso deste goberno, tal e como ten repetido a señora Méndez, para dar por rematado este asunto e poder impulsar o crecemento da

cidade dun xeito ordenado e, por suposto, sostible, non ten ningún sentido que non se dean máis premura en axilizar todo o posible a súa aprobación definitiva. Pero, por suposto, que, señor Santos, gustaranos moitísimo escoitar os motivos desta demora, porque seguro que vostede nos vai explicar o porqué, e, aínda así, entenderá que imos apoiar esta proposta do Partido Popular, porque é de recibo, porque Lugo ten que contar cun plan urbanístico aprobado na súa totalidade e porque ademais isto nos permitirá seguir avanzando na planificación urbanística do futuro da cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, o delegado da Área de Sostibilidade Urbana.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi bos días, moitas grazas, señora alcaldesa. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo, no seu 5% pendente de aprobación, non ten informe favorable da Xunta de Galicia. E quen o di minte. Minte descarada e vergonzosamente, porque isto ten unhas razóns que o explican. Que é ter posto en evidencia o mal proceder ou a inhibición de tramitación da Consellería a efectos de informar sobre a integridade documental no prazo máximo dun mes, para darlle a esta administración o dereito de subsanación daqueles erros que puidese detectar na súa tramitación.

Privouse a este Concello por non tramitar dese informe a avaliación dese estudio en tempo do dereito de subsanar.

E iso conlevou que emitisen un informe que chaman favorable ao que din: "será favorable cando cumpra as seguintes condicións". Polo tanto, non é favorable ata que cumpra esas condicións.

Pero hai outra cuestión. Recoñecen que teríamos o dereito de subsanar cando no terceiro parágrafo das conclusións di "deben subsanar".

E non podemos subsanar polo procedemento e polo trámite administrativo legal e preceptivo, e aplicable a todas as administracións públicas deste Estado, porque non miraron, non viron ou non quixeron traballar sobre ese expediente.

Esa é a realidade e o demais fantasías ou argumentos expresivos dunha pobreza, por non querer crer en mezquindade política de magnitude inaceptable para unha cidade que precisa de madurez.

Expresado isto, eu pídlles humildemente, en aras do interese xeral desta cidade, que retiren esta proposta ou, no seu caso, para non facelo eu, lle pidan á alcaldesa que quede sobre a mesa e reflexionemos, despois deste Pleno, con madurez, con mesura e con sensatez, en que situación está o Ordenamento Municipal Urbanístico do Concello de Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Mire, por moita vehemencia que queira expresar nas súas verbas, a realidade é simple e é apabullante.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Hai catro meses que a Xunta de Galicia deu visto bo a este Plan Xeral. Publicamente a Conselleira deu visto a este Plan Xeral, a Secretaria xeral do urbanismo deu visto a este Plan Xeral, simplemente se lles di que teñen que incorporar un documento que se olvidaron e que teñen que tomar en consideración unhas correccións que lles pide a Confederación Hidrográfica, que nada dependen da Xunta de Galicia.

Agora, que vostede queira enredar ou queira facer o que queira, nós non imos ser cómplices. Ten na súa man traer a este pleno a aprobación definitiva do Plan Xeral. Se vostede quere enredar, siga enredando.

Porque a realidade, señor Santos, é que a situación urbanística de Lugo é preocupante. Primeiro, pola indefensión de non ter un Plan Xeral aprobado non seu 100%. Segundo, pola absoluta crise urbanística que hai en materia de licenzas: 240 expedientes paralizados, e este é o vivo reflexo da situación urbanística de Lugo. 240 expedientes paralizados polo que recoñeceu vostede precisamente nos medios de comunicación. Que se isto temos en conta que son 266 mil euros de media de cada un destes expedientes, falamos de 64 millóns de euros paralizados de investimento privado na nosa cidade.

Coa repercusión que ten en materia de empregos, coa repercusión que ten en materia de creación de empresas e, ademais, co consecuente dano que estamos facendo a esta cidade.

Lugo está perdendo poboación en parte por culpa da crise urbanística que vostedes están xerando.

E nin queren desbloquear o plan xeral a pesar de que teñen un informe favorable, nin queren solucionar o problema das licenzas, nin queren facer nada. Parece que único que queren é afundir Lugo.

E nós seguimos aquí coa vontade de colaborar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Miren, saben o que lles digo? Que son absolutamente cansinos e aburren a calquera, porque os dous, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista, o único que están a facer é cargarse a nosa cidade, porque o único que están a facer é botarse os trastos á cabeza para falar do mal que fan un, do mal que fan outros, dos atrancos que poñen un ou de os atrancos que poñen outros.

E os únicos que estamos perdendo nesta cidade somos os lucenses e os únicos responsables son vostedes, os dous.

Porque Lugo está á cola de todo, xa non podemos estar máis atrasados en nada. Estamos atrasados en infraestruturas, estamos atrasados en emprego, estamos atrasados en precariedade laboral, estamos atrasados en infraestruturas, en comunicacións, na cidade...

E quen ten a responsabilidade? A Xunta de Galicia e o Partido Socialista e o Goberno Municipal. Son incapaces de poñerse de acordo para traballar de forma

conxunta en algo que beneficia á cidade. O único que lles importa é poñerse unha medalla e dicir que mal o está a facer un e que mal o está a facer outro. Isto é a política que temos, por desgraza, en Lugo. A ver se por unha vez son capaces de ter as miras máis altas e demostrar que están aí sentados para algo máis que para cobrar un soldo a fin de mes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas. Miren. En setembro, o Partido Popular denuncia que o Concello de Lugo non remitiu á Xunta para o seu informe o 5% pendente do PXOM. Levaba tres meses menos dez días na Xunta de Galicia. E iso puxo de manifesto que non podían ter dado o dereito a subsanar, do que fomos privados.

E iso obrigounos a resolver de forma express, sen poder resolver de xeito favorable ou desfavorable.

As condicións póñenese nos actos resolutivos, nos actos que son unha resolución. O informe é favorable ou desfavorable. Unha licenza pode elevar unhas condicións. Ten vostede unha licenza, pero ten que cumprir estas cuestións.

O informe di: "ou cumpre ou non cumpre".

E isto é un invento administrativo para saír do paso no que o meteu o Partido Popular á Dirección Xeral de Urbanismo. Así de claro. Pero ese non é o problema. O problema non é que agora esteamos nunha complexidade administrativa para resolvelo moi importante. O problema é que a maior inseguridade do urbanismo de Lugo vai ser esta resolución.

Créanme, creo que pode conlevar a unha situación de anulabilidade á aprobación definitiva o día que se produza. Creo que pode ser nula a súa aprobación, polo feito de non contar cun informe favorable previo... [non se oe] ...a chapuza que vostede, Antonio Ameijide, provocou...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** É ridículo.

Mire, simplemente lle pido ler: "Emítase informe favorable previo á aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal en Lugo no Pleno do Concello".

É que, mire... É que hai que ler. É que hai que ler. É que o pon aquí. Lea.

Home, miren. Levan 24 anos gobernando este Concello. O único que lles pido é que, polo menos, teñan a humildade de recoñecer que algún grao de responsabilidade terán no absoluto colapso no que someteron ao Consello de Lugo en materia urbanística. Non hai Plan Xeral, as licenzas cada vez van...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. E dado que vostede iniciou a lectura, vouna finalizar eu. E di: "Conclusión: Á vista do que

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

antecede e analizada a documentación achegada, púdose verificar que, na mesma, se corríxen en xeral as deficiencias sinaladas no anterior informe desta Dirección xeral. En consecuencia, ao abeiro do disposto nos artigos que se citan, emítase o informe favorable previo á aprobación definitiva do PXOM de Lugo condicionado a..."

Entón, non hai informe favorable se hai que facer uns condicionantes previos. Previo a contemplar a eiva sinalada no apartado...

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Non leu os condicionantes!

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Non! Non leu os condicionantes, señor Ameijide. No apartado... (voces de fondo inintelixibles) ... Polo tanto, contar... conta... contar... contar as verdades a medias pode chegar a ser unha mentira. Pode ser unha mentira. Pode ser unha mentira. Porque, como di... (persisten as voces de fondo, inintelixibles) ... Déixeme falar, por favor? Non, déixame falar? Non, digo que contar medias verdades pode chegar a ser unha mentira... Déixame falar? Eu deixei falar. Déixame falar? Tivo oportunidade vostede no seu tempo de lelo todo.

Leu o que lle deu a gana. E volvo insistir. "Verificar na mesma... Condicionado a..." Previo a aprobación. Condicionado a... Tres puntos. Tres puntos...

Non está no uso da palabra, señor Ameijide. Déixame... Déixame falar? Non está no uso da palabra. Vale? ... (**Sr. Ameijide Osorio:** lea os tres puntos... se non nada que ocultar... ) ... non teño nada que ocultar, é público. Os documentos... Púdoos ler vostede, señor Ameijide. Leu o que deu a gana...

Non lle estou chamando mentiroso. Por favor, pídolle que me deixe falar que non está vostede no uso da palabra!

Cando se di que é "condicionado a..." hai que asumir eses condicionantes para poderse aprobar. E senón, non se pode aprobar. Aquí, en Madrid, en Roma e en Nova York. E en Vancouver tamén. Vale?

Os tres puntos son tres condicionantes que pon a Xunta de Galicia... (voces de fondo) ... pero haberá que falar con esa administración. É que non está vostede no uso da palabra, señor Ameijide... Non! É que vostede di que depende de nós aprobar o PXOM... (voces de fondo) ... Non, a Xunta di que sen estes puntos non se poda aprobar... Non, non se pode aprobar, señor Ameijide. E non vou seguir discutindo con vostede... Faga o favor e déixeme falar que estou na quenda de palabra. Non, non, estoulle dicindo o que é unha realidade.

Se é "condicionado a..." hai que facer eses condicionantes para poder aprobalo. Teña que volver ou non á Xunta de Galicia.

E vostede terxiversou na súa intervención a realidade.

Vese que é un tema que lles doe. Porque a parte, como lle dixo moi ben o portavoz do goberno, foi para tapar as súas miserias. Foi para tapar as súas miserias, porque vostede foi a criticarnos e saír na prensa dicindo e mentindo, dicindo que non se lle mandara o expediente cando o expediente levaba tres meses xa na Xunta de Galicia, e iso é mentir.



E ademais mentiu cando ten a posibilidade como portavoz e como persoa dedicada en exclusiva a esta institución, porque cobra desta institución e, polo tanto, ten unha dedicación exclusiva a esta institución, non fixo nin función e exerceu o seu cargo, porque o primeiro que tiña que facer, sabe o que é, señora Ameijide? Vir a preguntar aquí á institución. Vir a preguntar se realmente se remitira, pero non só non fixo ese traballo, senón que saíu na prensa mentindo e dicindo que non se lle enviara o expediente. E iso é mentir, porque o expediente levaba tres meses na Xunta de Galicia. E iso chámase mentira. Ben por descoñecemento ou ben por mala fe. Pero se non se axustase á realidade é unha mentira. O que non é verdade élle mentira.

E, dito isto, non só lle chegou, que senón foron tamén ao Parlamento a meter unha preguntitiña. Porque é a súa forma de operar e a súa praxe de operar. Terxiversar, mentir, meter papeliños, distorsionar a realidade... Pero a realidade élle teimuda. E, por moito que se diga publicamente, o que está escrito é o que consta e o que temos que realizar. E escrito está que, previa á súa aprobación, hai que incluír e subsanar esas deficiencias.

Polo tanto, non se pode aprobar esta proposta máis aló de que este goberno... Señor Ameijide, chámoo á orde. A primeira amoestación.

Señor Ameijide, está buscando unha foto? Está buscando unha foto, señor Ameijide? Pois aquí non a vai conseguir, porque aquí lle estamos para outras cousas.

É a primeira amoestación. Imos... Señor Ameijide, non... Se eu non estou nervosa, simplemente lle estou pedindo que me deixe falar. Simplemente estou pedindo e exercendo a miña responsabilidade como presidenta desta sesión plenaria. Así que, polo tanto, lle pido respecto e educación e que atenda ás ordes.

Puido telas lido vostede que tivo todo o tempo e exerceu de portavoz nesta sesión plenaria. Está advertido unha vez, señor Ameijide.

Polo tanto, non podemos votar a favor desta proposta porque non se pode aprobar ata que non se teñan xa concluídos eses condicionantes que pon a Xunta de Galicia para poder aprobalos, previos, como ben di o propio informe. Nós, dentro da responsabilidade, seguiremos a traballar para que poida ser unha realidade, a pesar da dificultade engadida pola súa mala xestión de saír mentindo na presa, dicindo que non o tiña a Xunta de Galicia, cando levaba eses tres meses xa alí e xa pasara o prazo de contestación do expediente, e, polo tanto, que nos deixa a nós nunha situación complexa que seguiremos traballando para que poida ser unha realidade a aprobación deste 5%.

### Abandona a sesión DON ÁLVARO SANTOS RAMOS

**7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 18/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REALICE UNHA REVISIÓN DAS ZONAS DE SOMBRA DO MUNICIPIO E SE REALICEN AS XESTIÓNS OPORTUNAS PARA QUE SE SOLUCIONE ESTE PROBLEMA (Exp.**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

2023/G004/000033).

Vista a citada proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, celebrada o día 19 de xaneiro de 2023, e que é do seguinte teor:

“Unha demanda recorrente nas diferentes parroquias da cidade é as numerosas zonas de sombra que impiden que os veciños podan comunicarse debidamente. Un problema extensivo tanto á cobertura de telefonía móbil como ao despregamento da fibra óptica para conquistar conexión a internet.

A influencia de internet e a necesidade de comunicación a través da telefonía é tan grande que a día de hoxe pode considerarse unha necesidade básica, imprescindible para o traballo, o entretemento e para unha morea de actividades da vida cotiá.

No presente, internet é un elemento fundamental no noso día a día, xa que estar desconectado é sinónimo de estar excluído de oportunidades para acceder a información básica, aprender, traballar....

Neste contexto atopamos que actualmente existe un convenio asinado entre Amtega e a Fegamp para a mellora da telefonía móbil en 15 núcleos da nosa cidade, un número que resulta escaso para a cantidade de parroquias que carecen deste necesario servizo.

En desenvolvemento deste convenio, a Amtega concedeu unha subvención ao operador Vodafone para dar cobertura a eses núcleos. Para conquistar este obxectivo faise preciso a execución das torres necesarias para dar a cobertura.

Seguindo os pasos establecidos no procedemento desta actuación, como paso previo a que o concello poda adherirse ao citado convenio, é preciso identificar parcelas válidas para a colocación das torres que permitan dotar de cobertura a esas poboacións, parcelas que teñen que poñerse á disposición da Xunta de Galicia por parte do Concello.

Como resultado dos traballos iniciais realizados, estímase a necesidade de construír tres torres no concello de Lugo, para as que se seleccionou unha posible localización, que xa foi comunicada por Retegal ao concello.

Actualmente esta empresa continúa á espera de que dende o Concello de Lugo lle trasladen as posibles parcelas para a construción das torres que axuden a solucionar o problema da cobertura de telefonía móbil.

No referente aos despregamentos de fibra óptica nestas entidades de poboación, as actuacións son derivadas de subvencións do Goberno de España, xestionadas pola Secretaría de Estado de Telecomunicación e Infraestruturas Dixitais, figurando concedidas algunhas no Concello de Lugo para a súa execución no prazo 2021-2023 ou 2020-2022. Concesións que non cubren a totalidade do territorio do municipio, quedando aínda numerosas zonas de sombra.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta

proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Proceder á realización dunha revisión das zonas de sombra de telefonía móbil para garantir este servizo na totalidade do territorio municipal.
2. Facilitar de xeito inmediato as parcelas precisas para a construción das torres que permitan dar cobertura conforme ao actual convenio.
3. Instar ás empresas adxudicatarias das axudas a que doten dos servizos acordados na totalidade dos núcleos e pedir un informe detallado da situación da cobertura de fibra óptica de todos os núcleos e todas as parroquias."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 24**

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente.

**DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate. Tres minutos para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Bo día e grazas, alcaldesa. Pois si, traemos hoxe de novo unha iniciativa, xa moi similar a outras que tamén presentamos no noso grupo e que foi debatida xa no pasado mes de abril.

Unha iniciativa que ten dúas partes diferentes, pero que afectan ás mesmas zonas do municipio.

Unha parte refírese á cobertura móbil no noso rural e unha segunda parte referida a instalacións ou despregamento da fibra óptica tamén nesas zonas escuras.

Como dixen no pleno de abril, todas as competencias de telecomunicación recaen no goberno do Estado. De feito, o Estado ten o plan único para mellorar as infraestruturas dixitais e nese plan se incluíron 15 núcleos de poboación do noso Concello.

No tocante a telefonía móbil e ante a falta de actuacións do goberno central, a Xunta de Galicia, xunto coa FEGAMP, deseñaron unha iniciativa para mellorar a

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

cobertura móbil no rural. De feito, en xaneiro de 2022, saíu unha convocatoria de axudas dirixida a operadores para o despregue desa cobertura.

No marco dese convenio, entre Antega e FEGAMP asinouose o acordo de actuación nes 15 núcleos, que son Local, Marcoi, Santa María Alta, Riobó, Vilariño, Bacurín, Carricoba, O Burgo, Gondar, Hospital, San Pedro de Abaixo, San Pedro de Arriba, Miñao, Cabanas e Torible.

Dentro dese convenio, concedéuselle unha subvención ao operador Vodafone para darlles cobertura, complementándose coa instalación das torres precisas por parte de Retegal, a través dunha encomenda de xestión.

Como pasos previos a estas actuacións, para que os concellos se poidan adherir ao convenio, é preciso localizar e identificar parcelas válidas para a colocación desas torres e logo esas parcelas serán postas a disposición da Xunta por parte do Concello.

Despois dos traballos feitos por Vodafone e Retegal, estimouse a necesidade de construír tres torres no noso Concello, seleccionando unhas posibles ubicacións.

Coa información da que dispomos no noso grupo, Retegal trasladoulle estas localizacións ao Concello de Lugo para que lle propoña esas posibles parcelas. E tanto Retegal como a Xunta de Galicia seguen á espera de que o Concello lle traslade esas ubicacións para poder analízalas.

Polo tanto, a execución desas obras están, como soe suceder con moitas das obras neste Concello, bloqueadas pola pasividade e falta de xestión deste equipo de goberno.

De verdade que son vostedes incapaces de cumprir os seus propios compromisos.

E en canto ao despregamento da fibra óptica, nes 15 núcleos de poboación, iso está xestionado pola Secretaría de Estado de Telecomunicación e Infraestructuras Dixitais, e segundo os últimos datos que nós estivemos comprobando, a situación referente a eses núcleos é a seguinte.

Pero, como agora non teño tempo, explicareillela na segunda intervención.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Pues, efectivamente, esta propuesta tiene que ver con algo que, en nuestra opinión, es una piedra angular del desarrollo de Lugo y del desarrollo en general de las zonas rurales. Pero en nuestro caso, el rural del municipio de Lugo es una pieza angular en nuestro desarrollo. Y para que estas zonas puedan tener un desarrollo adecuado, es necesario..., es decir, hay una relación directa entre la despoblación y el déficit de telecomunicaciones.

Es decir, si queremos que el rural vuelva..., bueno, vuelva, ... que recupere también la densidad poblacional que tuvo en su día, pero además se desarrolle adecuadamente en igualdad de condiciones con el tejido urbano es necesario que tenga buenos servicios.

Y por todos, hoy en día, por supuesto, el de Internet.

Pero aquí sí que nos gustaría hacer una pequena diferencia, porque, aún sendo muy importantes las dos cosas, tanto tener cobertura de Internet como el de fibra óptica, sí es certo que entendemos que los esfuerzos deben centrarse en la fibra óptica. Y entendemos que debe centrarse en la fibra óptica porque la única forma de poder combatir con esta herramienta la despoblación en el rural es dotar al rural de medios para que la gente pueda seguir teletrabajando o para que la gente pueda montar negocios también en el rural. Y un negocio en el rural, casi cualquier negocio hoy en día en el rural, necesita una buena conexión a Internet.

En estos últimos años, uno de los desarrollos más importantes que va a tener Galicia es el Camino de Santiago. Este Camino de Santiago, a su paso por Lugo, también tiene como desarrollo el turismo. Y este turismo, pues casas rurales y negocios asociados. Todos estos también necesitan tener fibra.

Pero no nos podemos olvidar, además, luego están lo que vienen sendo no solo empresas y entorno turístico, sino también las personas que están estudiando o que, como decíamos, teletrabajan. Necesitan tener una cobertura óptima y no es suficiente con la cobertura de Internet. Y es certo que una vez que se analiza el mapa del municipio de Lugo, aun reconociendo que hubo ciertos avances y hay fibra y se ha avanzado relativamente en el avance da fibra, es certo que quedan todavía muchos puntos negros en los que esta fibra todavía no ha llegado y el desarrollo completo de la fibra a la zona rural en Lugo creemos que es una pieza esencial para el desarrollo socioeconómico de nuestro entorno rural, por lo que apoyaremos esta propuesta porque creemos que los trabajos encaminados a desarrollar esta red es bueno para Lugo y es bueno para los ciudadanos de Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois ten a quenda agora o Concelleiro de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Bo día a todos. Eu a verdade que agradezo que teñan presentado esta proposición porque me vai permitir aclarar un par de temas.

O Partido Popular non pretende contribuír a avanzar na mellora da conectividade no rural, senón que está única e exclusivamente preocupado por responsabilizar e salpicar a este goberno dun asunto que saben perfectamente que non é da nosa competencia. Se a actitude fose outra, presentarían iniciativas noutras instancias e, sobre todo, impulsarían medidas concretas.

Son sabedores de que as competencias non nos corresponden, senón ao Ministerio de Asuntos Económicos. Tamén participa, como xa dixo, o portador do PP, a Xunta de Galicia, a través de Retegal, e, ademais diso, son conscientes de que levamos tempo traballando e aportando solucións ao conflito, ao problema.

Neste senso, cónstalles, porque así llo comentei en outras comisións informativas dende o Concello, sen ser a nosa competencia, elaboramos un amplo e rigoroso estudo sobre as calidades das redes de acceso móbil, de voz e de banda larga na totalidade do municipio, que remitimos tanto á Xunta de Galicia como ao propio Ministerio, xunto con outro estudio, igualmente documentado, centrado, neste caso, nas parroquias do val do Mera.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Mantivemos contactos, frecuentemente, coa Xefatura Provincial de Telecomunicacións, a efectos de trasladarlle as necesidades e os problemas. Remitimos ao Ministerio unha solicitude de conversión das zonas brancas en grises, tratando de axilizar as solucións ou pois contactamos incluso coas operadoras para instalas a solucionar problemas nalgúns núcleos nos que sabíamos que tiñan que actuar.

En relación aos puntos de acordo que nos presentan, miren, ou xa se fixaron, ou se está traballando ou non teñen nin pés nin cabeza.

Primeiro, piden unha revisión das zonas. Pero, home, se iso xa o fixamos, e fixémoslo por partida dobre, e non nos correspondía. E fíxoo o Ministerio. E é de supoñer que o faría tamén a Xunta de Galicia en cumprimento do convenio coa FEGAMP.

Segundo, as fincas que nos propoñen son absolutamente inviables, podían vostedes ter preguntado e se lles teríamos informado. Son inviables, dúas delas porque se trata de terreos privados e unha terceira porque é monte veciñal en man común.

E xa unha terceira, falan de instar ás empresas adxudicatarias. Pero, home, piden que nós instemos aos operadores? Será o Ministerio o único que ten competencias, como vostede dixo o que pode fiscalizar ou presionar a estas operadoras.

A vostedes iso dálles igual, porque non buscan realmente mellorar a situación da conectividade no rural. O que buscan é culpabilizar a este goberno e sacar rédito político.

E non dubidan en ir polas parroquias..., a unha parroquia, creando falsas expectativas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Iniciamos a segunda quenda, con minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Mire, señor Fernández. Vostedes o que non cambian é de postura. Vostedes seguen a bloquear o rural. Eu xa lle dixen que a competencia é do Estado. É unha competencia do Estado, pero iso non quita que o Concello se involucre e poida presionar, como fan outros concellos, outros concellos con esas empresas, onde quedaban vivendas ou particulares sen cobertura e, de medios propios, o Concello puxo un poste para que puidesen chegar a ese lugar.

Vostedes non están dispostos a traballar polo rural, nin, moito menos, a defendelo. E eu xa lle vou dicir como está a situación agora.

Miren, na subvención concedida ao operador Adamo, están beneficiados os núcleos de Vilariño, Gondar, Hospital e tamén Cabanas. Eses teñen un período de desenvolvemento de 20/22 e 22/24.

E dentro da subvención concedida a Telefónica, que é a outra operadora, atópanse os núcleos de Locai, Marcoi, Bacurín, O Burgo, San Pedro de Abaixo, San Pedro de Arriba, Miñao, Torible, así como tamén Santa María Alta, Locai, Riobó e Vilariño e Carricoba. E estes teñen un período de... 19/22 e 21/23.

Pero a día de hoxe, e despois, como di vostede, que nós si pisamos o terreo, e despois de visitar a maioría deses núcleos e outros, podemos comprobar que non se está a desenvolver ao 100% ese plan de despregamento.

Polo tanto, o que pedimos é que se faga un informe desas zonas a onde non chega e se poida falar, presionar ou como vostede queira dicir, pero falar coas empresas para, se elas non chegan a esa...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Bueno, más allá de las discusiones entre Partido Socialista y Partido Popular, nosotros entendemos que, efectivamente, la causa merece hacer ese esfuerzo. Creemos que, efectivamente, deben evaluarse aquellas zonas a las que todavía no ha llegado Internet y, sobre todo, como decíamos antes, a la que no ha llegado la fibra óptica, y poner todos los medios para que, efectivamente, llegue.

Ponernos todos de acuerdo en que eso es importante e implementar las medidas suficientes para hacerlo, creo que es lo único que nos debería traer aquí.

Si, como dice el gobierno, ya lo están haciendo, perfecto. Pero sí es verdad que el movimiento se demuestra andando y hay ciertas carencias que non parecen suplidas aún, por lo que se si están trabajando en ello, les animamos a que trabajen aún más y al Partido Popular, entiendo que la propuesta que está pidiendo es una propuesta que tiene que ver con trabajar en este sentido.

Entonces, por supuesto, como decíamos antes, la vamos a apoyar.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do goberno.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois eu acepto o reto que acaba de lanzar o representante de Ciudadanos.

Nós levamos tempo traballando. Temos documentos e temos datos que avalan o que estou dicindo. Seguirémolo facendo, con máis aíncio, porque efectivamente estamos de acordo en que é un tema que preocupa a moitos veciños e veciñas do rural.

E xa ten graza que o partido que liberalizou a telefónica veña agora tratando de intervir o mercado, que é o que están facendo.

Miren, no plan de desenvolvemento de 2022, no que se dedican 12,3 millóns de euros para a provincia de Lugo, todo o identificado e sen cobertura no municipio de Lugo está aceptado polas operadoras, polo tanto, vaise executar.

Agora, loxicamente, entédeo calquera, estas operadores, dentro dos prazos legalmente establecidos, nas condicións acordadas no contrato, realizarán o despregamento conforme eses criterios e a súa propia planificación.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Nós podemos comunicar, como xa fixemos, instar ou o que sexa, pero, en todo caso, a responsabilidade será do Ministerio de obrigalas a que compren todo iso, por certo, operadoras que non só teñen que despregar en toda Galicia, senón na totalidade de España.

Por tanto, pretender que esixamos unha programación determinada ou marcarlles as nosas prioridades nin é realista nin é viable. E dicir o contrario, como están dicindo, e mentir, manipular e enganar aos veciños e veciñas, que é o que están facendo vostedes, parroquia tras parroquia...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Última quenda para o portavoz do Partido Popular, o grupo propoñente. 30 segundos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Mire, a verdade. A min xa non me estraña porque a vostedes o rural déronlle, danlle e seguirán dándolle as costas. Porque, de verdade, póñanse vostedes a traballar. E o traballo demostrase traballando, igual que o movemento se demostra andando. Iso é o primeiro.

Miren, se vostedes aproveitan todos eses datos que lles deben de como está a situación, vaian por eses núcleos e xa verán máis zonas. Non, non! Si, si! Pero vaia vostede e entérese a onde chega, porque non se cubre o 100% deses núcleos. É o que lle pedimos que faga...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Moi ben, moitas grazas. Traballo que xa vén desenvolvendo desde hai oito anos o Sr. Fernández por todo o rural, polas 54 parroquias. Imos proceder a votar a proposta

**8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 19/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO NON SUBA O PREZO DOS APARCADOIROS DE TITULARIDADE PÚBLICA (Exp. 2023/G004/000034).**

Vista a referida proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, celebrada o día 20 de xaneiro de 2023, expresiva do seguinte:

“No ano 1986 constrúense en Lugo tres aparcadoiros soterrados que veñen a dar resposta á unha necesidade altamente demandada polo tecido social e empresarial da cidade.

Dende esta data, o tema das prazas de aparcamento ten dado moito de si nesta cidade. Así, no ano 2015, suspendíase o servizo de rotación de vehículos (ORA) sen dar alternativas e neste ano 2022 rematouse un carril bici que elimina máis de 300 prazas de aparcamento ao longo do seu traxecto pola cidade, sen reponer estas prazas nos barrios.

Atopámonos así cun problema que os cidadáns detectan e para o que



demandan unha solución. De feito, Lugo é a única cidade galega na que os seus veciños encontran nun tema local como os aparcamentos ou a seguridade a súa maior preocupación.

Ante esta situación, que aboca ao centro histórico de Lugo á morte, o goberno local toma a medida de incrementar o prezo das tarifas dos aparcadoiros. Unha medida que será a puntilla que remate co comercio e a hostalería do centro da cidade, que ve como, cada vez máis, a actividade se traslada a outras zonas da cidade que cada vez están máis dotadas de servicios en detrimento do casco histórico que debería ser o motor da actividade social da cidade e o revulsivo económico que arrastrase tras de si ao resto de barrios da cidade.

Coas restricións de aparcadoiros, cando a veciñanza reclama de forma urxente medidas como aparcamentos disuasorios ou sistemas rotativos, o goberno sube as tarifas dos aparcamentos públicos ata un 10,4%. Unha medida que supón un claro deixamento de funcións por parte do Concello de Lugo que debería mirar pola veciñanza tratando de lograr as mellores condicións económicas e de servizos en tódolos ámbitos, mentres outras administracións conxelan ou baixan tarifas das concesións.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Anular a subida establecida nas tarifas dos aparcadoiros municipais publicada no BOP de Lugo en data 28/12/2022.

2. Que o Concello de Lugo realice os cambios, acordos e modificacións necesarias para non repercutir a subida do custe dos aparcamentos aos usuarios e que o incremento no prezo para garantir o equilibrio da concesión o asuma o Concello de Lugo con fondos propios.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

#### Votos emitidos: 24

- |                    |    |  |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor:   | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.                               |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións:     | 0  |  |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

#### DELIBERACIÓN

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos coa portavoz do Partido Popular. Tres minutos.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Grazas, alcaldesa. Bo día a todos. Traemos a pleno unha proposición que no mes de decembro a señora Méndez e o señor Arroxo se negaron a debater por vía de urxencia, e que o Partido Popular presentou tras comprobar que o Goberno decidiu subir o prezo dos aparcamentos municipais de Santo Domingo, Praza do Ferrol e da Constitución un 10,4%. Aumento que provoca que Lugo teña os parkings céntricos máis caros de toda Galicia. Cómpre recordar que no ano 1986 construíronse en Lugo tres aparcamentos soterrados, que deron resposta a unha necesidade altamente demandada polo tecido social e empresarial da nosa cidade.

Dende esa data ata hoxe, o tema das prazas de aparcamento ten dado moito de si en Lugo. Os problemas de aparcamento no centro da cidade comezaron no 2015, cando a señora Méndez decidiu suprimir a ORA sen dar alternativas. E agraváronse no 2022, co carril bici, que eliminou máis de 300 prazas en Lugo.

Atopámonos cun problema que os cidadáns detectan e para o que demandan solucións. E ante esta situación, o Goberno, en lugar de buscar alternativas para os cidadáns que queiran acercarse ao centro da cidade, pois deciden incrementar o prezo das tarifas dos aparcadoiros municipais un 10%, convertendo a Lugo na cidade máis cara de Galicia para os que queren aparcar nas dúas primeiras horas e os segundos máis caros na terceira hora de estacionamento.

E todo isto cando estamos falando de parkings propiedade do Consello, que ten privatizada a súa xestión mediante concesión.

Con esta medida vostedes están beneficiando a unha empresa privada en detrimento dos lucenses. Pero o que máis sorprende é que os aparcamentos municipais, que foran cedidos, que foran construídos en terreos que non tivesen custe económico, sexan máis caros que os parkings privados de Lugo.

Así, na primeira hora os aparcamentos municipais son os máis caros do centro da cidade e na segunda ou terceira hora están entre os máis custosos.

E recórdolles que no 2022 subiron as tarifas dúas veces: en xaneiro e en decembro. Vostedes, en doce meses, incrementaron máis o prezo dos aparcamentos que nos dez anos anteriores xuntos.

Nun momento de crise económica como a actual, esta medida suporá un lastre para o comercio e a hostalería do centro da cidade, que ve como, cada vez máis, o comercio se traslada aos centros comerciais, en detrimento do pequeno comercio.

Señora Méndez, en lugar de coidar o casco histórico, que debería ser o motor da actividade social de Lugo e o revulsivo económico que arrastre tras de si ao resto dos barrios, dende que é alcaldesa decidiu subir o prezo dos aparcamentos municipais do centro un 20%.

Por iso presentamos esta proposición, para que anulen esta subida de prezos e que sexa o Consello de Lugo o que asuma, con fondos propios, o incremento para garantir o equilibrio...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Ciudadanos

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Para o grupo municipal de Ciudadanos Lugo, non é admisible que este bigoberno admita esta suba de aparcadoiros públicos da cidade, tendo en conta que en Lugo en lugar de procurar facilidades están eliminando prazas cada día.

E ademais rexeitan estudar calquera outra posibilidade que vaia encamiñada a xerar espazos de aparcadoiro, que facilite que non só os lucenses, senón calquera visitante poida acercarse ao centro da cidade.

Levan meses para aperturar o aparcadoiro do Fogar de Santa María, polas liortas que manteñen vostedes, entre os dous socios de goberno.

Conseguiron ampliar as prazas dos aparcadoiros, logo dos anos de espera, o que Colevou tamén unha redución das mesmas.

Deseñaron un carril bici caracterizado polo seu absoluto sen sentido, que eliminou centos de prazas.

Crearon un "leiraparking", xa máis coñecido como "lamacarking", porque agora xa parece máis unha nova pista para a práctica de motocross, cheo de fochancas e que o fai absolutamente impracticable...

E foron vostedes os que esixiron, en múltiples ocasións, lembrarémolo todos, que o Goberno Autonómico revisara as tarifas de aparcadoiro do HULA, xa que era unha grave comparativo con Lugo respecto do resto de cidades galegas.

Supoño, así o facía tamén referencia a portavoz, neste caso, do Partido Popular, que, a este ritmo, seremos a cidade galega onde custará máis acceder a unha praza de aparcamento.

E xa que o señor Arroxo ten en Pontevedra o seu modelo ideal de cidade, pois non sabemos como tragou con isto, porque é a cidade onde é máis barato aparcar.

En lugar de procurar facilidades, cada día poñen máis dificultades. Todo o contrario do que debe facer un goberno comprometido co seus cidadáns.

Ademais, custa entender por que motivo se poñen vostedes de lado da empresa concesionaria, para a cal estes aparcadoiros son un auténtico choio.

Durante anos seguiron incrementando as tarifas aos usuarios sen que cumprisen con estándares esixidos de medida das prazas.

Logo, comprometeron xa no mandato anterior vostedes ao famoso 3x2 que aínda se finalizou este.

Agora, que teñen mellores prazas, polo tanto, máis usadas, polo que os seus beneficios de seguros se viron incrementados, este bigoberno, onde os deus votan en Xunta de Goberno este tipo de asuntos, incrementa as tarifas aos lucenses sen ningún tipo de pudor, logo de ampliar tamén un ano máis a concesión.

Ao final, con vostedes sempre ao fronte, e coas súas lúcidas negociacións, os lucenses sempre somos os que pagamos as súas nefastas decisións.

Na comisión pasada pregunteille se existía un estudo de custos para valorar este incremento, onde se tivesen en conta todas as variables, entre as que se atopan,

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

por suposto, se a empresa concesionaria viu melloradas as súas cifras de negocio tras a reforma.

Como poderán prever, e logo de afirmar que existía, xa lles adianto que solicitaremos todos os informes nos que se basearon vostedes, os dous, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista, para aprobar esta suba, que suporá un efecto disuasorio, por suposto, no seu uso, tendo en conta ademais que os privados ofrecen un prezo moito mellor.

Polo que nós estamos de acordo con esta proposta, porque os compromisos e as boas intencións se demostran con feitos, como ben dicía a señora Abelleira.

Este é un feito: incrementan o prezo das tarifas. E se realmente queren apostar polo noso centro e pola súa actividade comercial, pois deixen de poñer atrancos e comecen a ofrecer solucións.

E, por suposto, que subir os prezos nun momento economicamente complicado para todos, amosa que viven noutro planeta, non no común dos veciños e das veciñas de Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a concelleira de Gobernanza.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bos días. Moitas grazas, señora alcaldesa. O primeiro que debemos dicir é que isto é unha concesión errada.

Non foi iniciativa deste executivo, evidentemente, senón que, como ben saben vostedes, é do ano 1986, estando no goberno o Partido Popular, establecéndose unha duración de, nin máis nin menos que 49 anos. As prazas que saíron deste contrato, que ten afirmado o PP, eran dunha extensión pouco adecuada ao servizo que tiñan que desenvolver, por non dicir ridículas e, para colmo, co tempo, desfasadas con relación ás necesidades do noso parque móbil, o que supoñía unha merma nos servizos aos nosos veciños.

Saben tamén vostedes que os nosos veciños e fundamentalmente o tecido empresarial da zona centro de Lugo, viña demandando constantemente o redimensionado destas prazas, xa que o que tiñan ata o momento poucos veciños, e os transeúntes, que son os que máis as utilizan, e non os veciños, non podían utilizalas. Dada a súa dimensión, non se adaptaba aos coches que si tivesen e incluso ás necesidades de mobilidade dos usuarios.

Polo tanto, a herdanza era esta: tres aparcadoiros soterrados en plena cidade de Lugo, cuxas prazas non satisfacían as necesidades nin da cidade nin dos usuarios. 690 prazas. Nin tampouco se adaptaban aos estándares urbanísticos actuais.

Esa foi a situación coa que nos encontramos. É dicir, quixemos reverter e corrixir. Iníciouse, polo tanto, un expediente de modificación do contrato da concesión administrativa que, por suposto, señora Louzao, houbo unha serie de negociacións coa concesionaria, porque tiña dereito, Interparking España, e xa desde o primeiro momento púxonos diante unha figura xurídica que vostede parece que non quere coñecer, pero si que a coñece, que é o equilibrio económico financeiro na concesión, que é un dereito que ten a empresa, dereito e a nosa obriga. Si que

opera nos dous lados, pero por iso, como vostedes sabe, existe un control financeiro respecto da mesma.

A aprobación definitiva foi en Xunta de Goberno local o 21 de xullo. Chegou a comisión o outro día e ninguén a lera. Ninguén sabía, aquí ninguén lera, todos falaban do ruído. Todos se subiron ao ruído que había. Había ruído, entón todos se subiron ao ruído. Pero ninguén lera nada. Tiven que poñerlle: mire, é do 21 de xullo, acordo... Todos vostedes... Nin un ano e medios despois.

Polo tanto, pasáronse de 690 prazas a 515. Engadiuse un ano máis e permitiuse. Non é que o Concello suba nada. O Concello non sube nada. Incluso a min se me chamou se estabamos subindo impostos. Oia, estes non son impostos. Aquí hai un reequilibrio económico que hai que cumprir obrigatoriamente por lei e por xurisprudencia.

Polo tanto, non falen de "o Concello subiu", nos temos que... tal. E, como lle dixen, esta era a herdanza.

Polo tanto, non imos admitir que sexa o Concello o que está subindo nada. E tampouco imos admitir que sexan as máis caras de Galicia, porque vostedes saben que non é certo.

Despois na segunda lle leo todas. Moito ruído e subirse ao...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Iniciamos a segunda quenda de intervención. Minuto e medio para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Recórdolles que levan 24 anos gobernando esta cidade. E a realidade é que Lugo ten os aparcamentos céntricos máis caros de Galicia, sendo a única cidade galega na que os veciños se encontran no aparcamento unha das súas maiores preocupacións.

E todo comezou cando a señora Méndez tomou posesión como alcaldesa desta cidade.

E vou ir á hemeroteca. Xuño de 2015: A señora Méndez anuncia a supresión da ORA, comprometéndose a adxudicar o contrato en oito meses. Pasaron oito anos e as súas palabras levounas o vento. Como todas.

Xuño de 2019: A primeira proposta que presentamos como grupo municipal, foi pedir un sistema ORA gratuito en zonas con aparcamento saturado. Unha proposición en positivo, para mellorar o día a día dos veciños e para solucionar o problema que a alcaldesa xerou no 2015.

Nesa proposición advertíamolles que había fondos europeos en materia de mobilidade para controlar e facilitar a rotación de vehículos, pero vostedes non escoitaron.

E decidiron gastar os fondos europeos nun edificio de madeira dun millón de euros en nunhas hortas urbanas de 700.000 euros no barrio multiecolóxico da señora Méndez, en fronte dun centro comercial.

Estamos vendo como a actividade se traslada a outras zonas da cidade, que cada vez están máis dotadas de servizos, en detrimento do casco histórico.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

E, ante esta situación, e coas restriccións de aparcadoiros, cando a veciñanza reclama con urxencia solucións, que fai o goberno? Pois sobe as tarifas dos aparcadoiros públicos do centro un 10,4%.

Sexan serios, subir o prezo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** A ver, imos ser serios. Herdada si, pero modificada por vostedes, tamén. E que melloraron as condicións para a empresa concesionaria, tamén. De 1986 si, pero vostedes levan gobernando 23 anos, tamén. E con tantos defectos que tiñan tardaron 21 anos en corrixilos. E, mire por onde, sempre, sempre por suposto, saíu beneficiada a empresa concesionaria.

E mire vostede se nós, desde este grupo, lemos o acordo da Xunta de Goberno Local que incluso chegamos a pedir un informe que aparece, en base a que se tomaron esas decisións, que, mire por onde, nunca nos chegaron a dar. Nunca. Será porque non existe?

Agora imos saber como esas negociacións se elevaron para ese equilibrio económico porque xa lle adianto que esta mañá estará no rexistro a solicitude do informe ese que nunca nos chegaron a dar en relación co repintado das prazas e agora este, no que se valora o equilibrio económico. Porque sempre a empresa concesionaria saíu gañando neste tema dos aparcadoiros.

Haberá algunha explicación, non o sei, pero se hai datos obxectivos estaremos encantados de poder comprobalo. Porque agora mesmo a empresa concesionaria, e supoño que non estarei faltando á verdade, senón dimo na súa próxima intervención, ten un ano máis de concesión, ten mellores prazas de aparcamento, polo tanto é máis usada polos veciños e veciñas de Lugo, porque antes era impracticable, e, polo tanto, estará xerando máis ingresos para o seu propio beneficio. Polo tanto, dígame aquí, quen perde.

E por riba agora nós, como lucenses, temos que pagarlles máis aínda por aparcar. O que deberíamos facer é facer un boicot e non ir ninguén a aparcar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Xa lle dixen, señora Louzao. Esas son as condicións do contrato, pero vostede está obviando que eran 690 prazas e quedaron 515.

Ten moitas menos prazas... Esa é a parte que está obviando vostede. Ese é a parte.

Por outra parte, que menten é tan evidente... Vou poñer simplemente uns exemplos:

Santiago de Compostela, Praza Roxa: 2,50 euros.

Santiago de Compostela, a Choupana: 2,25 euros.

Santiago de Compostela, San Clemente: 2,20 euros.

Estou sacando os últimos datos.

E iso que aínda non aplicaron o IPC, que nós xa o aplicamos. En febreiro van a aplicar todos os IPC.

En febreiro a ver se mo traen. Os prezos. E aínda así.

Vigo, Urzai, 2,35.

Vigo, Independencia, 2,26.

Podo seguir, podo seguir.

Isto é que vostedes oíron ruído de alguén. E dixeron: "Ah, ... para subírnos a el", pero saben que iso non é así. Hai unhas obrigas legais para as dúas partes. Porque opera a compensación para un lado e para o outro. Para nós tamén opera en beneficio noso. Aquí non se trata de beneficiar a nada Trátase de beneficiar aos veciños de Lugo.

E o que falaban do HULA, o que falaban do HULA... A diferenza é moi clara. Nós temos que aguantar 49 anos prendidos neste contrato. O HULA quedou sen contrato e volveuno a sacar, sabendo que era unha demanda.

Para ir por cuestións de saúde, e volveron sacala no ano 2020, cando nós estamos prendidos ata o ano 2036... Era o que faltaba.

Démolle nós o terreo. E estannos... A ver! Estou internvindo eu! ...por problemas de saúde e para toda a provincia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por favor! Por favor! Señora Alvarellos, espere. Señora Alvarellos, por favor. Por favor. Está no seu uso da palabra. Respecten o que di. Pódeno compartir ou non, pero respecten o que din.

Parece que estamos nun patio de gardería. Fagan o favor, poden estar de acordo ou non cos argumentos que está expresando a portavoz do Goberno.

Pero igual que ela escoitou os seus argumentos, aínda que non os comparta, fagan vostedes o mesmo. Finalice.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Nós estamos prendidos por unha concesión de 49 anos que nós non desexabamos. Eles tiveron a oportunidade de facelo e non o fixeron. E nós si que paliamos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou a súa queda, señora Alvarellos. Pois última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** A realidade é que mentres a Xunta baixa o prezo dos aparcadoiros públicos do HULA, a señora Méndez obriga aos lucenses a pagar máis por estacionar nos parkings municipais do centro da cidade. Esta situación non axuda ao comercio local, que sofre unha desvantaxe competitiva coas áreas comerciais, prexudicando os que acoden ao casco histórico. Señora Méndez, a suba do prezo dos tres aparcadoiros municipais un 20% vai supor un freo para os negocios do casco histórico. Moitas grazas.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Díxollo tamén durante todo o transcurso da intervención. Esta é unha herdanza do seu partido, do Partido Popular. 49 anos.

Igual que é unha herdanza do Partido Popular a que temos agora porque se baixou os aparcamentos de HULA foi por presión social, como sempre.

Tarde, mal e arrastro. Pero podía deixalos gratuítos, que era o que se lle pedía. Gratuítos. Porque finalizou a concesión do Partido Popular. Finalizou a concesión e volveu sacar unha nova concesión. Naquel momento podía baixar...

... Están hoxe un pouco vostedes alterados.

Reitero, podían aproveitados ao finalizar a concesión e deixalos gratuítos, como se lle pedía, porque eses terreos si os puxo o Concello de Lugo.

Son municipais, pero vostedes, o Partido Popular, déronlle unha concesión de 49 anos, que aínda queda anos e anos.

E nós, o que lle esiximos a esa concesión foi unha redimensión das prazas. Iso foi unha esixencia deste goberno.

Polo tanto, en base a ese contrato que teñen establecido por esa concesión de 49 anos que lle teñen outorgado o seu partido á empresa adxudicataria, houbo que facer un reequilibrio económico. E ese reequilibrio económico vaise analizar todos os anos polo servizo de intervención, como non podía ser doutra maneira.

E se vemos que, efectivamente, hai unha descompensación nese reequilibrio económico, pois poderanse cambiar as concesións.

Porque diso se trata e diso se acordou.

Por certo, documento que teñen a disposición, como oposición que son, porque vai no plan de control de intervención deste ano. E téñeno á súa disposición. Outra cousa é que non fagan vostedes o seu traballo como lles correspondería, como lle correspondería como oposición, de control e fiscalización das accións do goberno. Téñeno vostedes á súa disposición. E alí poderán ver como hai que facer ese equilibrio económico e, de ver un desfase nese equilibrio económico cando se analice anualmente polos servizos de intervención, poderase modificar...

Estamos debatindo o dos aparcamentos, señora Abades... Por favor, de verdade, é que chega un momento en que, de verdade, en que están convertendo a institución xa nin nun patio de gardería, porque os nenos de 0 a 3 anos se comportan bastante mellor. Compórtanse bastante mellor. Están degradando ata a propia institución. É que xa está ben.

Teñan educación, é o único que se pide. Non se pide que convenzamos cos nosos argumentos. Vostedes defendan os seus argumentos, pero que sexan argumentados.

Nós defenderemos a nosa posición tamén con argumentos. E despois a cidadanía decidirá de que lado está. Pero sexan, de verdade, respectuosos coa institución á que representan e o lugar onde estamos, que é o salón de plenos.

Claro, non lle gusta, como un neno pequeno cando recibe a bronca do profesor, pero é que, señor Amejide, é que levan un pleno, que chegan a uns extremos que xa roza o ridículo. Ou sexa que, por favor, o que lles pido polo que resta de pleno é que garden respecto e escoiten os argumentos de cada quen.



Imos proceder...E xa está, xa está.

**9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 20/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO BUSQUE ALTERNATIVAS ÁS PRAZAS DE APARCADOIRO SUPRIMIDAS POLAS DIFERENTES MEDIDAS TOMADAS POLO GOBERNO MUNICIPAL (Exp. 2023/G004/000035).**

Vista a antedita proposición, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, celebrada o día 19 de xaneiro de 2023, e que é do seguinte teor:

“Medidas como o carril bici fixeron que a cidade de Lugo vexa diminuídas de xeito case alarmante o número de prazas de aparcadoiros nos diferentes barrios da cidade. Unha medida que está a castigar á cidade e aos veciños de Lugo a residir nunha cidade que presenta numerosos problemas de mobilidade e que condena ao centro da cidade á súa desaparición.

A eliminación do sistema ORA para a rotación de vehículos, sumado á redución de prazas de aparcadoiro dispoñibles (nos barrios e nos aparcadoiros soterrados) fai que os veciños de Lugo renuncien a trasladarse ao centro da cidade ou a determinados barrios para facer as súas xestións ou mesmo para desfrutar do seu tempo de lecer. O problema é que o traslado destas persoas a barrios periféricos da cidade que están a concentrar os servizos (algún tan básico como o aparcamento) condena a outros á súa desaparición.

É por isto que o GMPP continuará a presentar propostas que contribúan a desconxestionar o tráfico pero que ao mesmo tempo axuden a reducir o número de vehículos en tránsito e faciliten aos veciños da cidade, ou de fóra dela, a achegarse aos diferentes barrios para realizar as súas xestións, compras ou simplemente para desfrutar dunha consumición nos diferentes locais da cidade. Pero cómpre facer un esforzo que permita non caer no inmovilismo e dar solución a un problema con alternativas como a posibilidade de negociar convenios ou acordos con propietarios de solares privados para mediante unha cesión de carácter temporal, establecer aparcadoiros disuasorios; establecer un novo sistema de rotación de vehículos, a creación de novos aparcadoiros ou a reorganización das zonas de aparcadoiro en determinadas rúas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que se realice un estudo pormenorizado das distintas alternativas para paliar o problema da escaseza de prazas de aparcadoiro que está a sufrir a cidade de Lugo en barrios como casco histórico, Milagrosa, Fontiñas, Augas Férreas,

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Residencia...”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

### DELIBERACIÓN

- **DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Ben, iniciamos entón o debate da proposta. Tres minutos para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** A verdade é que non sei se tomarme como un alago. Pero parece que cada vez que pasa algo aquí parece que teño eu a culpa de todo. A señora Alvarelos. Vostede... Eu estou aquí calado, non me metín con ninguén. Pero ben...

Lugo nunca foi unha cidade con especiais problemas para aparcar nin para a circulación. A verdade é esa, unha cidade tamaño medio, que, por desgraza, debido ás decisións políticas, nos últimos anos estase perdendo poboación. E malia perder poboación, cada vez é máis complicado aparcar e cada vez é máis complicado circular en Lugo.

Isto, a verdade é que o bigoberno do PSOE e BNG están facendo posible o imposible.

Voules contar unha curiosidade. Nestas últimas semanas percorremos as 54 parroquias, con reunións nas 54. E, curiosamente, miren que está mal o rural porque non teñen saneamento no 90% das parroquias, nin auga, as corredeiras, por non chamarlle xa nin pistas, están feitas un desastre na maioría delas... En definitiva, teñen problemas moi importantes nas propias parroquias.

Pero todas e cada unha destas 54 parroquias tiñan un denominador común. En todas, os veciños se queixaban do problema do tráfico e do aparcamento en Lugo. Estaban fartos de chegar a Lugo a facer un recado, unha compra, unha xestión e tardar máis dunha hora en poder aparcar.

Incrible, pero certo. Unha das principais preocupación do rural é o aparcamento. Igual que nolo trasladan as enquisas que vemos nos medios de comunicación.

Supoño que esa enquisa privada ou particular do PSOE que filtraron os medios de comunicacións, esa que encendía as alarmas vermellas sobre o cambio de goberno en maio deste ano, pois esa tamén supoño que lles daría eses resultados e esa inqueda.

É máis, ata a propia Federación de veciños se queixa da falta de aparcamento en Lugo. Incluso o seu xefe de campaña, señora Méndez, o señor Jesús Vázquez, incluso tamén entre cea e cea que vai con vostede, tamén se queixaba da falta de aparcamento nesta cidade.

Así que, reflexionemos, como pode ser que unha cidade de tamaño medio, que cada vez baixa máis poboación, teña cada vez máis problemas para circular e para aparcar?

Probablemente porque hai oito anos que quitaron o sistema ORA sen ningún tipo de alternativa. Probablemente porque se puxeron a pechar rúas sen dar ningún tipo de alternativa ou aparcamento que estaban retirando.

Probablemente porque renovaron o transporte urbano para gañar usuarios e perder coches das calles e conseguiron exactamente o efecto contrario. Perderon usuarios no transporte urbano e cada vez hai máis coches nas rúas.

Probablemente porque destruíron centos de prazas de aparcamento ao longo da cidade, por certo, moi especialmente no entorno da Residencia, cun carril bici realmente inútil, perigoso, e que está facendo un dano irreparable a esta cidade.

Que, por certo, a ver que pasa cando abra o Centro Integral de Saúde, a Oficina de Emprego e a Residencia da Terceira Idade, que lles faltan poucos meses ou poucas semanas.

Destruíron centos de prazas en lugares importantes e crearon unhas poucas en lugares que non compensan en nada porque están moi lonxe de onde as destruíron.

E agora, como broche final, van gastar seis millóns de euros en peonalizar tres rúas, pero non dan ningún tipo de alternativa. 0 euros para alternativas ao estacionamento no casco histórico.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Pues, efectivamente, que en Lugo el aparcamiento es un problema creo que es innegable. Sin embargo, por parte del Gobierno, en algún pleno hemos escuchado que no. Se dieron datos globales de las plazas de aparcamiento, pero no responden a la realidad.

La realidad es que en el centro de Lugo faltan plazas. En el anterior pleno, de hecho, aprobamos entre todos una propuesta para hacer un aparcamiento en la calle Castela, pero está claro que faltan plazas de aparcamiento. Poníamos el ejemplo de que el centro quizá el fin de semana quizás no tenga demasiada gente y As termas está llena de coches.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Es decir, la gente que utiliza el coche descarta el centro para ir. Pero luego además también tenemos que recordar que barrios como la Residencia llegaron a hacer manifestaciones porque, efectivamente, faltaban plazas de aparcamiento en ese barrio.

Es decir, que el problema del aparcamiento en Lugo existe es obvio. Nosotros, desde este grupo municipal no es la primera vez que traemos propuestas de este tipo. Recuerdo que en enero del 2021 traíamos una para el parking del centro, en enero del 2022 traíamos otra para el sistema inteligente de gestión e control de aparcamiento...

Pero además teníamos... Ya en el año 2020 hicimos una propuesta también para crear aparcamiento en Fontiñas. En ese terraplén crear una plataforma que además diera salida con el vehículo hacia el río Rato.

También propusimos en la avenida de Portugal, que además de la conexión supone crear plazas de aparcamiento.

Y, con todo esto, al final lo que se evidencia es que muchas de estas propuestas que hicimos en su día no fueron aprobadas. Entendemos que el problema no se ha corregido. Esperamos que la propuesta que se aprobó en el pleno pasado se lleve a cabo y se pueda hacer aquí un gran parking.

Y, en todo caso, esta propuesta la vamos a apoyar, porque lo que supone es, al menos, plantear una opción real de trabajo que vaya encaminada a solucionar el problema.

Yo en lo que sí no creo y en lo que sí tenemos que combatir con fuerza es en el hecho de que la falta de aparcamiento no es un problema. Creo que este debate sí tenemos que superarlo. Si hay que tenerlo se tiene. Pero hay que superar este debate. El problema de aparcamiento existe. Existiendo el problema de aparcamiento, la cuestión es hablar de las soluciones. Yo acabo de enumerar unas cuantas soluciones que se han propuesto por parte de nuestro grupo.

Cualquiera que venga a este pleno a traer propuestas que tengan que ver con solucionar un problema evidente, por nuestro grupo siempre tendrán el apoyo que sea necesario. Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois, quenda agora para o Conselleiro de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Pois, voulles ser sincero. A min medo me dá pensar a opinión que levarán os nosos veciños que nos escoiten ante a actitude cavernaria, irrespectuosa e follonera que demostrou o Partido Popular hoxe aquí nesta institución. Medo me dá.

E centrándome na proposición direilles que, de entrada, contraen unha falsidade. Porque non é certo, como se di, que a creación do carril bici diminuíse de xeito alarmante as prazas de aparcadoiros.

Non o é porque as que se perderon compensáronse en boa medida, ben polos aparcadoiros disuasorios ou ben pola reordenación ou repintado de rúas.

A verdade, o certo é, que se perderon en torno a 100 prazas na totalidade dos 14 quilómetros do carril bici. 100 prazas.

O Partido Popular fala de 300 soamente na Residencia. Polo tanto, o Partido Popular manipula os datos e minte. Por moito que ao señor Amejide non lle gusta que lle digan que minte cando minte.

Tampouco é certo, como se di na proposición, que as dificultades que teñen os comercios do centro se deba a esta causa ou soamente a esta causa. Hai outras que inflúen. Por exemplo, a tendencia a mercar nas grandes superficies ou esa tendencia tamén de facer as compras online, fenómeno, por certo, que é común a outras moitas cidades.

A verdade é que no mandato de Lara Méndez se crearon na cidade máis de 1000 prazas públicas gratuítas. Máis de 1000 prazas públicas gratuítas. Esa é a verdade. E todo iso no marco e sen renunciar á aposta desa cidade moderna, sostible, amable, acolledora... Que estamos impulsando.

E, mentres, os señores do Partido Popular, e aquí se demostrou outra vez máis, pois nese proxecto de cidade que non ensinan porque non teñen, deberíanos dicir claramente por que apostan. Se apostan ou non pola peonalización e humanizar as rúas e prazas e gañar espazo para a veciñanza. Se queren ou non controlar e desincentivar o tráfico no centro; ou, por exemplo, se desexa ou non potenciar outras medidas alternativas de transporte, incluíndo incentivar o transporte público. Porque, se é así, deben ter a valentía de dicilo. Deben dicilo. Nese caso, evidentemente, estanse poñen en fronte das tendencias de todas as cidades europeas modernas e tamén das normas e recomendacións da Unión Europea e de todos os expertos.

Pero miren, voulles facer unha proposición, onde se pode demostrar se o que defendemos cada quen é real, é un compromiso firme ou é palabrería pura e dura.

E é que, aceptando o primeiro punto que propoñen, que non teríamos ningún problema, porque xa se está a cumprir, fágolles unha emenda de engádega, un segundo punto, que diría algo así como "instar á Xunta de Galicia a que poña a disposición dos lucenses e de forma gratuíta en tardes e festivos ..."

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou a súa a quenda. Pois iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Xa lle digo. Que non haxa emenda porque obviamente sabe que a configuración do edificio non o permite.

Pero cando se poñan de acordo na liorta que teñen na Deputación, poden abrir cando queiran o do Fogar de Santa María.

Non o dicimos nós que se perdan prazas na Residencia, dío o enxeñeiro municipal. Se lle chama mentiroso, chámallo vostede. Pero aquí hai un informe que di que se perderon 301 prazas no balance total, entre as que se perderon e as que se gañaron.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

Certo é que houbo unha modificación neste informe. Das 100 prazas que se contaban perder en Marqués de Ombeiro, non se perderon as 100, perdeuse alguha menos. Por tanto, cómprolle que se perderon 200 e pico prazas.

Ata aí podo ler. Pero iso non o digo eu, dío o informe do enxeñeiro municipal. De aí as 100 que vostede di e as 8.000 ou non sei cantas que creou pola cidade, hai unha distancia importante.

Mire, son especialistas en negar os problemas. E se non recoñecen os problemas non lles poden poñer solucións. É imposible.

Negaban que houbese okupas en Lugo ata que a evidencia non lles deixou máis remedio que recoñecelo. O mesmo coa seguridade. Estamos toda a cidadanía espantada polos vídeos que vimos nos últimos días de axustes de contas e de pelexas salvaxes no entorno da catedral, e ata que vostedes ven iso non reaccionan a pesar de que llo dicimos dende hai tempo.

E en canto ao aparcamento pasa o mesmo. Claro que dende o Partido Popular apostamos polas peonalizacións, polo transporte por seguir avanzando nese modelo, pero con sentidiño.

Antes de peonalizar unha rúa hai que dar alternativas ao aparcamento. Están afundindo o casco histórico, están afundindo os barrios... Isto non é un problema do casco histórico. Isto é un problema de Fontiñas, da Milagrosa, do barrio Feijóo... De multitude de barrios da nosa cidade. De Augas Férreas, da Residencia... E hai que poñer solución, e por iso queremos un estudo global. Porque obviamente non podemos negar a realidade de que se necesita o coche, non podemos negar a realidade de que hai que potencializar o transporte urbano e que hai que avanzar nas peonalizacións, pero con cabeza e con alternativas.

Vostedes, despois de 24 anos, seguen facendo a casa polo tellado. E algo de culpa terán. E este problema é real e evidente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Sí. Yo creo que tenemos que superar este debate. Existe un problema.

O sea, más allá de los datos, que todos los datos pueden ser siempre manipulados y nos pueden llevar a conclusiones equivocadas, al final hay cosas evidentes, que también son datos, que es la pérdida de aparcamientos.

Y que cuando se habla... porque no acabo de entender esa disculpa de que: No, es que As Termas... parece que hay gente, pero el centro, al final, la compra online...

¿Pero cómo la compra online va a ser la culpa de que non venga la gente al centro? ¿Entonces As termas, que es un agujero que se detuvo en el tiempo al que no le afecta nada? O sea, aquello está lleno de gente y lleno de coches el fin de semana. Esa gente, mucha de esa gente, debería estar en o centro consumiendo y haciendo vida.

Que hace falta aparcamiento, seguro. Cuando hablas, por ejemplo, con la Residencia, con los vecinos del barrio de la Residencia y les dices: "Oye, es que

me están diciendo esto del Ayuntamiento, porque yo se lo he dicho. Es que han creado plazas de aparcamiento". Se ríen de ti. Porque no las hay, no tienen plazas de aparcamiento. Porque los comercios que están allí ven que no... O sea, uno de ellos me decían que tenía que cerrar porque los clientes no pueden parar para hacer las compras.

Es que esa es la realidad de la calle. Cando uno pisa la calle se da cuenta que existe un problema evidente de tráfico. Creo que deberíamos superar este debate y trabajar para crear esas plazas de aparcamiento. Y, de hecho, me alegro mucho, porque yo en el último pleno cuando nos aprobaron la propuesta pensé: "bueno, pues parece que vamos superando ese debate y empieza a haber propuestas".

La necesidad de aparcamiento es indiscutible. Y a partir de ahí hay que promover y traer propuestas para avanzar en ese sentido.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Goberno.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois eu digo, e digo con pena, que rechazasen a nosa proposta por parte do Partido Popular significa que quedan claramente retratados e desde logo sen ningunha autoridade moral para falar de aparcadoiros nesta cidade.

Poñendo a disposición dos veciños esas 200 prazas da Xunta de Galicia, primeiro cumprírase un acordo plenario desta institución. E segundo, pois facilitaríamos á xente pois eses aparcadoiros no entorno da Muralla e no centro da cidade.

E ademais non lestamos inventando nada. Estámolle pedindo unicamente que fagan o mesmo que fai a Deputación Provincial e que fai este Concello.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Non vou entrar a debater de novo o do edificio Multiusos, porque sabe que coa configuración do edificio é imposible que permita iso, pero si vou pedirles, de verdade, encarecidamente, que recoñezan dunha vez por todas os problemas reais de Lugo.

E un dos principais problemas é a falta de estacionamento nesta cidade que está afundindo os barrios. Moi especialmente o Casco histórico, a Residencia, a Milagrosa... Que está xerando un dano enorme e vostedes non están reaccionando. Non se pode negar a evidencia. Por favor, póñanse a traballar. Sexan máis serios, que leva 24 anos e cada día está peor esta situación.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois. Atendendo ás palabras que dicía o portavoz de Ciudadanos, eu creo que somos conscientes de que é unha situación que se dá no Consello e, polo tanto, que estamos traballando para habilitalos. Non en van, lévanse habilitadas máis de mil prazas de aparcamento. Isto significa que está todo feito? Non. Que queremos seguir habilitando novos espazos? Si. Que

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

cando veñen propostas concretas e novedosas, como foi a que presentou Ciudadanos no último pleno, van contar co voto favorable? Si.

Estase agora procedendo a ese estudo, non sabemos a súa viabilidade, que a mellor non é viable. No caso de selo, seguiremos para adiante, como xa fixemos noutros lugares, por poñer outro exemplo, no entorno do Sagrado Corazón, cun propietario particular, unha vez que estaba xa aberto ese novo centro educativo, pois habilitar un novo espazo.

Pero en naquel caso o titular do terreo non quixo chegar a acordos. Está no seu dereito tamén e nós non podemos obrigar.

Cando son propostas novidosas e cando son propostas que suman van contar sempre co noso voto a favor, máis aló despois de quen queira colgarse a medalla, porque neste pleno xa vimos durante todo o transcurso, que se "eu xa o levei a comisión", que se "xa preguntei nun rogo", que se "xa metín esta proposta hai dous anos"... Unha pelexa entre os grupos da oposición, a ver quen propuxo con anterioridade para colgarse unha medallíña, que nos parece ben.

Pero, reitero, cando son propostas concretas e que suman van contar sempre co apoio deste goberno. Como vimos hoxe, concretamente, cunha que presentaban vostedes, con esa parte que se quedou obstaculizada na rúa 8 de marzo.

Contará con apoio do goberno, cando sexan esas propostas que sumen á cidade, que sexan concretas e que non se estean a facer. Porque é un argumento que temos utilizado en moitísimas ocasións.

E aquí ao final, o Partido Popular ao único que pretende vir a este pleno é a facer ruído co tema dos aparcamentos, non buscar solucións. Facer ruído. Porque que se faga un estudo pormenorizado das distintas alternativas para paliar a problemática da escaseza en Fontiñas, en Aguas Férreas, no casco histórico... Incluso, mire, estabamos dispostos a votar a favor desta proposta se aceptasen esa emenda de suma, que non queríamos xa nin suprimir nada.

Pois sumamos, pero vostedes comprométanse tamén realmente. Estuden a posibilidade de reabrir tamén o Multiusos da Xunta... Estuden a posibilidade de abrir os aparcamentos dos distintos centros educativos que temos nas inmediacións de Ramón Ferreiro... Temos aí o Feminino, a Anexa, o Formación do Profesorado, que podería estar aberto polas tardes.

Era outra alternativa máis para darlle solución polas tardes e as fins de semana... As fins de semana e festivos.

É dicir, estuden, sumen realmente alí onde teñen as competencias. Pero non lle amosamos nunca nin lle vemos esa vontade realmente de dar solución a un problema, senón de facer ruído e xerar máis problemas, que esa é a súa práctica, sobre todo ultimamente, non sei se hai un cambio de dirección nas distintas actuacións e lles sinalan que teñen que ir contra Lugo con tal de desgastar o goberno.

Cada un saberá que tipo de política seguen. Non sei que é o seu director de campaña ou directora, pero en todo caso, en todo caso, vostedes serán consecuentes con esas decisións que toma, esto de destruír Lugo con claras intencións partidistas, non van contar nunca co noso apoio.



É unha pena que non acepten esa emenda de estudar a posibilidade de abrir esas zonas de aparcamento, das inmediacións dos centros educativos que están ao carón do casco histórico, así como a posibilidade de abrir ese multiusos, ese aparcamento multiusos que sería completamente factible para que os veciños e veciñas puideran facer uso de eses aparcamentos.

A Deputación abrirá en breve e está o procedemento de licitación, quedou deserto, por se non lles informou o seu deputado provincial, saiu... vaise licitar para acondicionar todo ese entorno e gañar máis prazas de aparcamento e ademais facelo dunha forma cómoda e segura, que sempre falamos destes condicionantes...  
... Señora López, por favor...

A Deputación, reitero, quere acondicionar ese espazo para facer un espazo máis amplo, con máis prazas, facelo cómodo e facelo seguro, que é unha das condicións que parece sempre obviar nesa rapidez e apertura de instalacións.

En todo caso, por se non o saben e non llo transmitiu o deputado provincial está nun proceso de licitación onde quedou deserto e, polo tanto, retomarase novamente para poder iniciar esa actuación e gañar eses novos espazo. O que si xa ten amosado é a vontade de abrir eses espazos ao público.

A Xunta de Galicia vai abrir eses espazos? Tiña unha oportunidade agora mesmo hoxe neste pleno o Partido Popular de dicir que si, que polo menos a intención do Partido Popular aquí en Lugo si que era habilitar eses espazos para os cidadáns de Lugo.

Imos proceder a... por favor, imos votar a proposta... A ver, por favor! Reitero. Queren gardar respecto ao lugar onde estamos?

Si, pero cando non se merece... Non, non é o respecto a min. É o respecto ao lugar onde estamos. E a esta institución.

Estou na miña queda de palabra. Por favor, señor Poy. De verdade, é que levan un pleno hoxe que non sei se é cuestión xa de nerviosismo ou de mala educación. Pero, por favor, respecten un pouco xa digo a sesión plenaria.

Imos proceder a votar entón esta proposta coa emenda do goberno rexeitada, onde pediamos que se abrisen e habilitasen esas prazas dependentes da Xunta de Galicia para o uso de veciños e veciñas de Lugo.

Procedemos entón á proposta.

## **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

### **ACTAS E GOBERNO**

**10/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Exp. 2023/G004/000008).**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 15 de decembro de 2022, coa numeración 12206/2022 ao 12894/2022 recollidos na plataforma TeCOL, integrante do Libro único de resolucións correspondente ao ano 2022.

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

**11/11 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2023/G004/000020).**

En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, coa numeración 1/2023 a 248/2023, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2023.

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

## TESOURERÍA

**12/12 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO 2022.**

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do

Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de novembro, coa numeración 121/2022 a 138/2022.

Do 01 ao 31 de decembro de 2022 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Data Firma
2022/T030/000127	Resolución Tesourería recurso contra providencia constrinximento CP Lorenzo Varela 3-5-7	2022/121	01/12/2022
2022/T030/000131	Resolución Tesourería recurso contra dilixencia de embargo Castro Colmenero José Luis	2022/122	12/12/2022
2022/T030/000130	Resolución Tesourería resolución recurso contra dilixencia embargo Villamarín Bautista Bernardo	2022/123	12/12/2022
2022/T030/000129	Resolución Tesourería recurso reposición contra providencia constrinximento Moreno Varela Mercedes	2022/124	12/12/2022
2022/T030/000128	Resolución Tesourería resolución recurso contra dilixencia de embargo González Pousa David	2022/125	12/12/2022
2022/T030/000133	Resolución Tesourería recurso contra providencia constrinximento Varela García Miguel	2022/126	15/12/2022
2022/T030/000132	Resolución Tesourería recurso reposición contra providencia constrinximento Grupo Aмоса 2015 SL	2022/127	15/12/2022
2022/T030/000134	Devolución por duplicidade recibo Andrea dos Santos Vilela	2022/128	16/12/2022
2022/T030/000139	Resolución Tesourería recurso dilixencia embargo Núñez Varela Clara	2022/129	16/12/2022
2022/T030/000138	Resolución Tesourería recurso reposición contra dilixencia embargo Saco Mirón Manuel	2022/130	16/12/2022
2022/T030/000135	Recurso reposición providencia constrinximento Ana Díez Toledano	2022/131	16/12/2022
2022/T030/000136	Recurso reposición providencia constrinximento MGR Import Spain SL	2022/132	16/12/2022
2022/T030/000137	Recurso reposición providencia constrinximento Braulio Barrero García	2022/133	16/12/2022
2022/T030/000141	Devolución cantidades embargadas Socorro Raquel Lamas Prado	2022/134	23/12/2022
2022/T030/000144	Resolución Tesourería arquivo derivación responsabilidade subsidiaria afección taxas Bergantiño Vázquez Carmen HX por falecemento (Saavedra Bergantiños Sigfredo)	2022/135	26/12/2022
2022/T030/000142	Resolución Tesourería alegacións derivación responsabilidade subsidiaria López Ventosa Susana (Lugo Afouteza 2017 SL)	2022/136	26/12/2022
2022/T030/000143	Resolución Tesourería alegacións derivación responsabilidade subsidiaria afección IBI López Boado Orosia (CPP Ronda Fontiñas 204)	2022/137	26/12/2022
2022/T030/000145	Resolución Tesourería contestación alegacións derivación responsabilidade subsidiaria afección taxas Comercial Anduriña SA (Solez CB)	2022/138	29/12/2022

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

### INTERVENCIÓN

#### 13/13 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2023 E A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN.

Vista a proposta do Interventor Xeral Municipal, do 15 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

“O artigo 31 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, dispón que:

**“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.**

*2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.*

*El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.*

*Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.*

**3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.**

**4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado** como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno”.

Por outra banda, o Plan Anual de Control Financeiro será obxecto de publicación en cumprimento do previsto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que “2. **Las Administraciones Públicas publicarán los planes y programas anuales y plurianuales en los que se fijan objetivos concretos, así como las actividades, medios y tiempo previsto para su consecución. Su grado de cumplimiento y resultados deberán ser objeto de evaluación y publicación periódica junto con los indicadores de medida y valoración, en la forma en que se determine por cada Administración competente**”.

En cumprimento da mencionada normativa, con data 20/12/2022, o Interventor Xeral Municipal emitiu o informe Ref.: 2022/2097, relativo ao “**Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2023**”, e posteriormente aprobou unha modificación do mesmo para ampliar o seu contido, polo que, propónselle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**ÚNICO.-** Dar conta a efectos informativos ao Excmo. Concello Pleno do Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2023 xunto coa súa posterior modificación.”

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulan.

#### **D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**- CONDOLENCIAS POLO FALECIMENTO DO EXCONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON ARCADIO SILVOSA ALONSO.**

A Excm. Corporación Municipal acordar amosar as súas condolencias polo pasamento do que fora concelleiro deste Concello polo Grupo Municipal do Partido Popular, dende o ano 2011 ao ano 2015, DON ARCADIO SILVOSA ALONSO,

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5213218567378633028.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2023

ocorrido o pasado 9 de xaneiro de 2023, debendo darlles traslado a súa familia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois como xa fixemos moitos dos aquí presentes, darlle as condolencias persoais á familia polo triste falecemento de quen foi concelleiro desta corporación. Pois, o que facemos é, coma sempre nestas ocasións, trasladarlle tamén de forma oficial a toda a súa familia e, en especial neste momento pois á familia da Cadena SER e á familia do Partido Popular.

Pois a perda desta persoa querida e comprometida coa cidade de Lugo e, polo tanto, trasladarémolle estas condolencias á familia de don Arcadio Silvosa Alonso.

### E) MOCIÓNS DE URXENCIA

- **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO APOIE O PROXECTO DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE (Exp. 2023/G004/000049).**

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ...quere facer usoda palabra. Si? Para motivar urxencia.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moi rapidamente, alcaldesa. Grazas. Saben que xa dixemos varias veces neste salón de pleno que en política o que debería primar é a coherencia.

Neste caso é algo incoherente a situación que temos estes días. O 29 de abril de 2021 aprobouse neste salón de plenos unha iniciativa pedindo o impulso de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Para motivar a urxencia. De por que ten que ir por vía de urxencia esta moción.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Como dicía, o 29 de abril de 2021, aprobouse neste pleno por unanimidade, excepto polos votos de Ciudadanos, o impulso da Rolda Leste. E nestes días vemos nos medios de comunicación como a alcaldesa dubida sobre a Ronda Leste, o vicealcalde pronúnciase en contra e existe un pronunciamento claro en contra dela.

Por iso, dentro o Partido Popular cremos que preciso un pronunciamento claro dende este salón de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Si, pero non quedou motivada a urxencia. Simplemente entrou ao debate de... Levamos once anos falando da segunda fase da rolda Leste.

Polo tanto, aquí do que se trataba era de motivar a urxencia e non entrar no debate plenario, que estou convencida que poderán incluír no seguinte pleno para que debatamos todos con profundidade.  
Imos votar a urxencia da moción.

Logo da súa xustificación, sométese a urxencia da moción a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 24**

- **Votos a favor:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 14 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, e ao non acadarse o quórum de maioría absoluta legalmente requirido, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia do asunto, polo que non se entra no seu estudo, debate e votación.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**